1-5	1º	Informática	9:15-14					Análisis Proc. Qu	9:15-14					Estatística	9:15-14		
	2º				Exp.Gráfica	9:15-14					Quím.Orgánica	9:15-14		Lab. TFTC	16-20h		
	3º	Tr.Materia	16-20h		Enx.Ambiental	16-20h		Trat.Aguas	16-20h		Enx. Procesos	16-20h					
	4º	Proc.Quim.Ind.	9:15-14					Prev.Contaminac	9:15-14					Seguridade e Pr	9:15-14		
8-12	1º				Quím Inorgánica	9:15-14											
	2º	Trans. Calor	9:15-14					Econ. Empresa	9:15-14								
	3º	Control. Proc.	16-20h		Xest.Calidade	16-20h		Reactores	16-20h								
	4º				Automat.Indust.	9:15-14											

Última publicación resultados 16/07/2024

Peche actas 22/07/2024



**CURSO 2023-24
CALENDARIO DE EXÁMES
GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA FIN DE CARREIRA (16 de decembro ao 20 de xaneiro)

Datos																	
DEC/XANEIRO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula	
9-13	1º	Anál.Proc.Quim.	9:15-14					Matemáticas	9:15-14					Física	9:15-14		
	2º				Exp.Gráfica	16-20h					Química Org.	9:15-14					
	3º	Enx.Ambiental	16-20h					Trat.Residuos	16-20h		Trat. Augas	16-20h		React.Químicos	16-20h		
16-20	1º				Quim.Inorgánica	9:15-14					Estatística	9:15-14		Informática	9:15-14		
	2º	Econ.Empresa	9:15-14					Trans. Calor	9:15-14					Lab. TFTC	16-20h		
	3º	Op.Separación	16-20h		Enx. Procesos	16-20h		Xest.Calidade	16-20h		Control Proceso	16-20h					

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (18 de decembro a 23 de xaneiro)

Datas

DEC/XANEIRO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula
18-22dec	1º															
	2º															
	3º															
	4º															
8-12	1º	Álgebra	9:15-14					Cálc. Análise Num.	9:15-14							
	2º				Optim Matem	9:15-14					Algoritmos	9:15-14				
15-19	1º	Matem. Discreta	9:15-14					Programación I	9:15-14							
	2º				Enx Sotware	9:15-14					Bases de datos	9:15-14				
22-26	1º	Intro. Comp.	9:15-14													
	2º				Redes	9:15-14										

último día publicación resultados: 30/01/2024

Peche actas 05/02/2024

SEGUNDO CUADRIMESTRE (20 de maio ao 4 de xuño)

Datas

MAIO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula
20-24	1º	Estat.	9:15-14					Lóxica	9:15-14							
	2º				Comp ConcPar	9:15-14					Autom e Ling Form	9:15-14				
27-31	1º	Prog II	9:15-14					XestOrg	9:15-14							
	2º				Fund Aprend Aut	9:15-14					AlgorBas IA	9:15-14				
3-4 xuñ	1º	AdqSinais	9:15-14													
	2º				RepCoñ e Razoam	9:15-14										

último día publicación resultados: 11/06/2023

Peche actas: 17/06/2023

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO (19 de xuño ao 10 de xullo)

Datas

XUÑO-XULLO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula
13-14	1º										Intro. Comp.	9:15-14				
	2º													Redes	9:15-14	
17-21	1º				Programación I	9:15-14					Matem. Discreta	9:15-14				
	2º	Bases de datos	9:15-14					Enx Sotware	9:15-14					Algoritmos	9:15-14	
24-28	1º				Cálc. Análise Num.	9:15-14					Álgebra	9:15-14				
	2º							Optim Matem	9:15-14					RepCoñ e Razoam	9:15-14	
1-5	1º	AdqSinais	9:15-14					XestOrg	9:15-14					Prog II	9:15-14	
	2º				AlgorBas IA	9:15-14					Fund Aprend Aut	9:15-14				
8-9	1º				Lóxica	9:15-14					Estat.	9:15-14				
	2º	Autom e Ling Form	9:15-14					Comp ConcPar	9:15-14							

última publicación resultados 16/07/2024

peche actas 22/07/2024



PREMIO BEATRICE ALICE HICKS AO ALUMNADO DA ETSE MÁIS COMPROMETIDO NA PARTICIPACIÓN UNIVERSITARIA

(Aprobado en Xunta de Escola da ETSE de 30 de marzo de 2023 e os criterios de valoración en Xunta de Escola de 7 de xuño de 2023)

O premio está destinado ao alumnado de Grao da ETSE que máis participa nos órganos de xestión da ETSE, da USC e noutras actividades relacionadas.

Farase unha convocatoria anual na que se propondrá un premio por cada título de Grao.

O alumnado poderá obter un único recoñecemento que poderá solicitar cando lle queden 75 ECTS ou menos para rematar o título.

A decisión sobre a concesión do premio será tomada pola Comisión de Calidade da ETSE e os/as representantes do alumnado absteranse no proceso de avaliación se son solicitantes.

Poderá quedar deserto se a Comisión considera que o nivel de participación non é suficiente.

Avaliaranse os seguintes aspectos:

- Pertenza e participación en órganos de xestión da ETSE (Xunta de Centro (XE), Comisión de titulación (CT), outras comisión delegadas (CD), Consellos de Departamento (CDep.): 2 puntos/curso académico (XC e CDep.) e 1 punto/curso académico (CT e CD), sempre que se asista polo menos ao 50% das reunións. Para valores inferiores a puntuación reducirase proporcionalmente á asistencia.
- Pertenza e participación en órganos de xestión da USC (Claustro, Consello de Goberno, Consello do estudantado): 2 puntos/curso académico, sempre que se asista polo menos ao 50% das reunións. Para valores inferiores a puntuación reducirase proporcionalmente á asistencia.
- Delegado/a de curso: 1 punto/curso académico
- Alumno/a titor/a: 4 puntos
- Outras actividades: ata 2 puntos

O premio entregárase no acto do Día da ETSE.

O premio consistirá nun diploma acreditativo e material por valor de 200 €.



SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES ECTS PARA ESTUDOS DE GRAO

NOME DA ACTIVIDADE EN GALEGO ¹	
"Medicina de precisión personalizada: da teoría á práctica"	
NOME DA ACTIVIDADE EN ESPAÑOL	
"Medicina Personalizada de Precisión: de la teoría a la práctica"	
NOME DA ACTIVIDADE EN INGLÉS	
"Personalized Precision Medicine: from theory to practice"	
ORGANIZADA POR²	
Fundación Instituto Roche	
NOME DO RESPONSABLE ACADÉMICO E FACULTADE OU ESCOLA A QUE PERTENCE³	
Dr. Ángel Carracedo, Facultad de Medicina	
ENDEREZO E TELÉFONO A ONDE SE PODEN DIRIXIR OS ALUMNOS PARA SOLICITAR INFORMACIÓN⁴	
Fundación Instituto Roche MADRID.INSTITUTOROCHE@ROCHE.COM Tfno: 673894361	
DESCRIPCIÓN BREVE DA ACTIVIDADE	
<p>La Fundación Instituto Roche en colaboración con la Universidad de Santiago de Compostela organiza el Curso "Medicina Personalizada de Precisión: de la teoría a la práctica" dirigido a alumnos de los grados de ciencias de la salud u otros grados relacionados con la medicina del futuro, con el objetivo de complementar la formación relacionada con los avances de la biología molecular en los profesionales sanitarios del futuro. Este curso se celebrará del 26 al 28 de septiembre de 2023 el Aulario Novoa Santos.</p> <p>La Medicina Personalizada de Precisión supone un cambio de paradigma en la manera de prestar asistencia sanitaria. Sin embargo, los planes de formación académica no incorporan todavía aspectos clave relacionados con la Medicina Personalizada de Precisión y necesarios para los profesionales sanitarios.</p> <p>En este sentido, la formación de los futuros profesionales resulta clave para contribuir a la plena incorporación en el sistema sanitario de los avances científicos y tecnológicos a los que estamos asistiendo en esta área. Por estos motivos, resulta relevante fomentar la formación académica específica en Medicina Personalizada de Precisión.</p> <p>Los objetivos del curso son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conocer los aspectos básicos relacionados con la aplicación de los avances de la biología molecular a la Medicina Personalizada de Precisión. - Profundizar en la aplicación clínica presente y futura de la Medicina Personalizada de Precisión. - Profundizar en la investigación actual y futura en el ámbito de la Medicina Personalizada de Precisión. - Conocer la aplicación práctica de la IA como herramienta en la Medicina Personalizada de Precisión. 	
DURACIÓN EN HORAS⁵: 25 horas (15 horas lectivas, 10 horas de trabajo personal y prueba final)	DATA DE REALIZACIÓN
NÚMERO DE CRÉDITOS QUE SE SOLICITAN: 1	26 al 28 de septiembre de 2023
PRERÍODO DE MATRÍCULA DA ACTIVIDADE: del 15 de junio al 15 de septiembre de 2023	
PRERÍODO DE APERTURA E PECHER DE ACTAS:	
<ul style="list-style-type: none"> - Apertura: 26 de septiembre de 2023 - Cierre: 10 de octubre de 2023 	
Nº MÁXIMO DE ALUMNOS QUE PODEN INSCRIBIRSE:	CUSTO DA INSCRIPCIÓN
200 alumnos	Gratuito para alumnos de estudios de los grados de ciencias de la salud u otros relacionadas con la medicina del futuro

MÉTODO DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Al inicio de cada módulo los alumnos firmarán y al final de cada módulo habrá un cuestionario de evaluación final.

MÉTODO DE SELECCIÓN

Perfil: alumnos de los grados de ciencias de la salud u otros grados relacionadas con la medicina del futuro de la Universidad de Santiago de Compostela u otras universidades siempre que no se cubran las plazas por los alumnos de la USC.

1. Inscripción: Cumplimentar la solicitud de inscripción en la web del programa: <https://www.institutoroche.es/>
2. Admisión: corresponde hacerla a la dirección del programa y se confirmará a través del envío de un e-mail al solicitante

La selección se hará en función del orden de inscripción de los alumnos, siempre que se cumplan los requisitos y el perfil de los estudiantes requeridos; teniendo preferencia los alumnos de la Universidad de Santiago de Compostela.

CENTROS OU TITULACIÓNS PARA OS QUE SE SOLICITA O RECOÑECIMENTO⁶

- Biología
- Biología - Química (doble grado)
- Biotecnología
- Enfermería
- Farmacia
- Farmacia y Óptica y Optometría (doble grado)
- Ingeniería Informática
- Ingeniería Informática - Matemáticas (doble grado)
- Medicina
- Odontología
- Psicología
- Química

DATA E SINATURA DO RESPONSABLE ACADÉMICO

.....

¹ Nome da actividade. O dito nome figurará na Resolución Reitoral de recoñecemento así como nos certificados que se expidan para o recoñecemento do crédito.

² Nome completo dos organizadores: Centro, Departamento, Organismo, Asociación etc.

³ Profesor/es da Universidade de Santiago de Compostela, Centro ó que pertencen e teléfono de contacto.

⁴ Enderezo os efectos de información que figurará na Resolución Reitoral de recoñecemento.

Curso para universitarios

“Medicina Personalizada de Precisión: de la teoría a la práctica”

Fecha: 26-28 de septiembre 2023

Lugar: Aulario Novoa Santos (Rúa da Cantaleta nº19, Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela)

	Hora	Tema	Ponente
Martes, 26 septiembre	15:30h- 16:00h	Inauguración	Dr. Julián Álvarez Dr. Ángel Carracedo D. Federico Plaza
	Módulo I: De la Biología Molecular a la Medicina: Fundamentos de la Medicina Personalizada de Precisión		
	16:00h	Bases genéticas de la enfermedad	Fernando Domínguez (USC)
	17:00h	Biomarcadores: concepto, aplicaciones, y retos de implementación	Maria Brión (IDIS)
	18:00h	Café	
	18:30h	Métodos diagnósticos en Medicina Personalizada de Precisión	Beatriz Sobrino (FPGMX)
Miércoles, 27 septiembre	Módulo II: Aplicación clínica en Medicina Personalizada de Precisión		
	16:00	Enfermedades mendelianas	Francisco Barros (FPGMX)
	17:00	Enfermedades oncológicas	Tomás García Caballero (USC-CHUS)
	18:00h	Café	
	18:30h	Farmacogenética y farmacogenómica	Olalla Maroñas(FPGMX)
Jueves, 28 septiembre	Módulo III: Presente y futuro de la Medicina Personalizada de Precisión		
	16:00	Terapias avanzadas: Terapia génica y celular	Catarina Allegue (USC-CIMUS)
	17:00	Big Data, Inteligencia Artificial y Ciencia de Datos	Senén Barro (USC)
	18:00	Café	
	18:30	Predicción y prevención personalizada: Estimaciones de riesgo poligénico	Manuela Gago (IDIS)
	19:30	Lección Magistral: Programas nacionales e internacionales en Medicina Personalizada de Precisión: IMPaCT y 1+M Genomes	Ángel Carracedo (USC-FPGMX)
	20:15h	Clausura	Dr. Julián Álvarez Dr. Ángel Carracedo Dña. Consuelo Martín de Dios

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE									
		Bioloxía	Debuxo Técnico II	Física	Historia da Filosofía	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Química	Xeoloxía (Xeoloxía e Ciencias Ambientais)	Ciencias Xerais	Tecnoloxía e Enxeñaría II
CIENCIAS	Bioloxía 23-24	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2		
	Bioloxía 24-25	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0
	Bioloxía 25-26	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0
	Bioteecnoloxía 23-24	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0		
	Bioteecnoloxía 24-25	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,1
	Bioteecnoloxía 25-26	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0	0,1
	Bioquímica 23-24	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0		
	Bioquímica 24-25	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0
	Bioquímica 25-26	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0	0
	Física 23-24	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1		
	Física 24-25	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0	0
	Física 25-26	0,1	0,1	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0	0
	Matemáticas 23-24	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,1		
	Matemáticas 24-25	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0,1	0
	Matemáticas 25-26	0,1	0,1	0,2	0	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0
	Química 23-24	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1		
	Química 24-25	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0	0
	Química 25-26	0,2	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0	0

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE					
		Bioloxía	Física	Historia da Filosofía	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Química
CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría 23-24	0,2	0,1	0	0,2	0	0,2
	Enfermaría 24-25	0,2	0,1	0	0,2	0	0,2
	Enfermaría 25-26	0,2	0,1	0	0,1	0,2	0,2
	Farmacía 23-24	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Farmacía 24-25	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Farmacía 25-26	0,2	0,1	0	0,2	0	0,2
	Medicina 23-24	0,2	0,1	0	0,1	0	0,2
	Medicina 24-25	0,2	0,1	0	0,1	0	0,2
	Medicina 25-26	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Nutrición Humana e Dietética 23-24	0,2	0,1	0	0,2	0,2	0,2
	Nutrición Humana e Dietética 24-25	0,2	0,1	0	0,2	0,2	0,2
	Nutrición Humana e Dietética 25-26	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Odontoloxía 23-24	0,2	0,1	0	0,1	0	0,2
	Odontoloxía 24-25	0,2	0,1	0	0,1	0	0,2
	Odontoloxía 25-26	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Óptica e Optometría 23-24	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2
	Óptica e Optometría 24-25	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2
	Óptica e Optometría 25-26	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0,2
	Psicoloxía 23-24	0,2	0	0,1	0,1	0,2	0
	Psicoloxía 24-25	0,2	0	0,1	0,1	0,2	0
	Psicoloxía 25-26	0,2	0,1		0,2	0,2	0,2
	Veterinaria 23-24	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
	Veterinaria 24-25	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2
Veterinaria 25-26	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE															
		Artes Escénicas	Bioloxía	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa (Empresa e modelos de negocio)	Física	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía (Xeoloxía e Ciencias Ambientais)	Ciencias Xerais	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño	Tecnoloxía e Enxeñaría
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria 23-24	0	0,2	0,1	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1			
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria 24-25	0	0,2	0,1	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria 25-26	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,1
	Enxeñaría Civil 23-24	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Civil 24-25	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Civil 25-26	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0	0	0,1
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais 23-24	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1			
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais 24-25	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais 25-26	0	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural 23-24	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2			
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural 24-25	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,1
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural 25-26	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,1
	Enxeñaría Informática 23-24	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0			
	Enxeñaría Informática 24-25	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1
	Enxeñaría Informática 25-26	0	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,1	0	0	0	0	0,1
	Enxeñaría Química 23-24	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0			
	Enxeñaría Química 24-25	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1
	Enxeñaría Química 25-26	0	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1
	Intelixencia Artificial 23-24	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0			
	Intelixencia Artificial 24-25	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,1
	Intelixencia Artificial 25-26	0	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,1	0	0	0	0	0,1
	Paisaxe 23-24	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2			
	Paisaxe 24-25	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0	0,1
	Paisaxe 25-26	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,1
	Robótica 23-24	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0			
	Robótica 24-25	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0,1
	Robótica 25-26	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1

Desacordo do profesorado de Tecnoloxía coa ponderación da materia Tecnoloxía e Enxeñaría

Desde APETEGA (asociación do profesorado de Tecnoloxía de Galicia), en representación do profesorado asociado, os profesores e profesoras que imparten a materia de modalidade “**Tecnoloxía e Enxeñaría**” (herdeira da anterior materia de bacharelato “Tecnoloxía Industrial”) queremos manifestar **o noso profundo desacordo coa proposta transmitida pola CIUG** por vía telemática o luns 15 de Maio sobre a ponderación futura da mesma para os exames da ABAU, e que consiste basicamente en que a materia ponderará **só un 0,1 para todas as carreiras da rama de enxeñaría e arquitectura**.

A proposta de homoxeneizar a nivel estatal pode considerarse como positiva, pero no que respecta á nosa materia é un sinsentido polas razóns expostas a continuación:

- Que a materia sexa denominada “Tecnoloxía e Enxeñaría” por parte da LOMLOE explicita claramente a súa conexión e o seu papel orientador cara aos estudos de enxeñaría. Que a propia modalidade do bacharelato se denomine “Ciencias e Tecnoloxía” tamén representa a importancia do papel das materias de Tecnoloxía nesta modalidade. Se introduce, ademais, a competencia STEM (competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría) que “entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable”. A CIUG, co beneplácito das escolas de enxeñaría, dá as costas a estos positivos cambios na LOMLOE que melloran a preparación do alumnado para os estudos posteriores relacionados coa actividade tecnolóxica e a enxeñaría.
- Un breve vistazo ás competencias, criterios de avaliación e saberes básicos da materia debería deixar clara a súa conexión cos estudos universitarios do eido tecnolóxico. En resumo, trabállanse os seguintes bloques de coñecemento en cada un dos cursos do bacharelato: Proxectos de investigación e desenvolvemento, Materiais e fabricación, Sistemas mecánicos, Sistemas eléctricos e electrónicos, Programación, automatización e control e Tecnoloxía sustentable. Resulta incomprendible que as escolas de enxeñaría rexeiten a preparación do alumnado nestes coñecementos e competencias específicas para as carreiras que ofertan.
- Sen embargo, darase a circunstancia que materias de modalidade que non teñen unha relación tan explícita coas carreiras de enxeñaría e arquitectura terán unha ponderación maior, provocando que na oferta de materias na matrícula do bacharelato, especialmente nos centros pequenos que teñen moi poucas posibilidades de organización, se poñan en segundo plano aquelas materias con baixa ou nula ponderación, e se promocionen aquelas que si contan cun 0,2. Será moi difícil defender un itinerario coa materia de “Tecnoloxía e Enxeñaría” para aquel alumnado que queira estudar enxeñarías se a propia universidade non a valora. O alumnado, ademais, tenderá a elixir aquelas materias que máis ponderen para poder ter máis opcións de matriculación nas diferentes opcións, desincentivando no alumnado máis motivado nos

estudios tecnolóxicos a escollo da materia que máis e mellor formación pode ofrecerlles, Tecnoloxía e Enxeñaría.

- O profesorado da especialidade de Tecnoloxía leva varias décadas formando aos futuros estudantes de enxeñaría e arquitectura e dos estudos superiores tecnolóxicos de formación profesional, e en moitos centros con metodoloxías propias da Tecnoloxía como o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Tamén se está facendo un gran esforzo na orientación das rapazas cara aos estudos relacionados coa tecnoloxía e intentar así diminuír a brecha de xénero nestas carreiras. De nada van servir todas as iniciativas de promoción e captación de vocacións que se realizan desde as universidades se non contan co traballo que facemos desde os institutos de Educación Secundaria. Ningunha outra especialidade que non sexa Tecnoloxía ten o compromiso orientador cara as enxeñarías que ten o profesorado da nosa especialidade.

Sendo así, solicitamos unha toma de conciencia da importancia da materia de modalidade **“Tecnoloxía e Enxeñaría”** por parte das facultades e organismos responsables da ABAU e que **se modifique a proposta de ponderación, pasando a ser de 0,2 nas carreiras con perfil tecnolóxico, que son todos aqueles graos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.**

Solicitamos, ademais, **que pondere no vindeiro curso 2023-2024, para que todas as materias de modalidade de 2º de Bacharelato contén para o acceso á universidade.** Non ten sentido que, sendo materias que a LOMLOE presenta na mesma categoría de materias de modalidade, unhas se contemplan para o acceso á universidade e outras non, provocando unha división entre materias de primeira e materias de segunda e, como explicamos anteriormente, desprezando a importancia e o papel da materia de Tecnoloxía e Enxeñaría no Bacharelato, o cal pode ter consecuencias máis alá do vindeiro curso.

Ofrecémonos a explicar de forma pormenorizada os argumentos anteriores, polo que estamos a súa disposición para facer todas as aclaracións que precisen.

Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia. APETEGA.

Vigo, 18 de maio de 2023



Crédito a Centros 2023				D/M	ETSE	Reparto Dept./Máster
46907	CAP II	Xeral (65%)	30490	30%	21343	9.147 €
	CAP II	Materias Exp. (35%)	16417		16417	
	CAP II	<i>Axuda Norm. Lingüística</i>	300		300	
	CAP II	<i>Premio Boas Prácticas</i>	1200		1200	
23774	CAP VI	Mobiliario e Equipamiento	23774		23774	
43891	CAP VI	Obra RAM	43891		43891	
		Total	116.072 €		106.925 €	

Reparto Capítulo II Xeral Dept./Máster		Horas Equiv.	
Máster en Enxeñaría Ambiental	564	736	6,2%
Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos	510	665	5,6%
Máster en Tec. de Aná. de Dat. Mas.: Big Data	226	295	2,5%
Máster en Computación de Altas Prestacións	77	100	0,8%
Máster en Visión por Computador	89	116	1,0%
Máster en Intelixencia Artificial	251	327	2,7%
Subtotal Máster	1.716 €	2239	18,8%
Enxeñaría Química	1438	1876	15,7%
Electrónica e Computación	4147	5410	45,3%
Subtotal Departamentos ETSE	5.585 €		
Economía Financiera e Contabilidade	231	301	2,5%
Edafoloxía e Química Agrícola	35	46	0,4%
Física Aplicada	123	160	1,3%
Matemática Aplicada	284	371	3,1%
Química Inorgánica	81	106	0,9%
Química Física	100	131	1,1%
Química Orgánica	110	143	1,2%
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	86	112	0,9%
Filoloxía Inglesa e Alemá	35	46	0,4%
Ccs Forenses, Anatomía Patolóxica, XeOeP	9	12	0,1%
Dereito Público Especial e da Empresa	44	57	0,5%
Matemáticas	343	448	3,8%
Enxeñaría Agroforestal	103	134	1,1%
Estatística, Análise Matemática e Optimización	201	262	2,2%
Filosofía e Antropoloxía	61	80	0,7%
Subtotal outros Departamentos	1.846 €	2328	20,2%
Reparto Capítulo II Mat. Experimentais	60%		
Mantemento Aulas Informática ETSE	2.463 €		25,0%
Mantenimiento Laboratorios ETSE	5.763 €		58,5%
Prácticas Química Inorgánica	443 €		4,5%
Prácticas Química Orgánica	443 €		4,5%
Prácticas Química Analítica	296 €		3,0%
Prácticas Física	443 €		4,5%
Reparto Capítulo II Xeral (ETSE)	10%		
Aula Profesional + visitas técnicas + varios alumnado	2.132 €		



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Curso Académico: 2021/22

Aprobación Comisión de Calidade da ETSE: 16 de maio de 2023

Informe técnico pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización: 26 de maio de 2023

Aprobación Xunta de Escola da ETSE: 7 de xuño de 2023

Aprobación Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno:

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	12
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	20
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	29
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	33
Directriz 6. Información pública	36
3. Plan de Melloras do centro	38
4. Modificacións nos diferentes títulos	119
5. Listaxe de evidencias e indicadores	121

1. Introducción

1.1. Estrutura para o desenvolvemento do SGC

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. A gran diferenza nas competencias técnicas a adquirir nas dúas titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Título as que desenvolvan a xestión da calidade específica de cada título. Por outra banda, as Comisións dos Másteres son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos.

As Comisións de Títulos de Grao (CTG) regúlanse a través do [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) da ETSE](#), do que a última modificación foi aprobada en Consello de Goberno da USC de 25 de febreiro de 2021. Cada Comisión esta composta por un membro do Equipo de Dirección, que a presidirá, o/a Coordinador/a do Título, o/a Responsable de Calidade, o/a Responsable de apoio a Xestión de centros e departamentos, o/a Director/a da Biblioteca do Centro, 6 profesores/as e 2 Estudiantes, todos eles da titulación respectiva, e 1 PAS.

As Comisións de Títulos de Máster (CTM) regúlanse a través do Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado da USC de xullo de 2017. Segundo se establece en dito Regulamento, estarán compostas por o/a responsable do Centro ao que se adscriba o título, o/a coordinador/a do título, o/a xestor/a académico/a do Centro e 10 membros atendendo a varios criterios (deberán estar representados proporcionalmente os créditos impartidos polos diferentes departamentos e institutos que interveñan na titulación; os representantes do profesorado deberán impartir docencia no título; 2 membros deberán ser estudantes). O/a Coordinador/a do Título será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título de Máster.

Na xestión da calidade dos títulos da ETSE cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título (CT). No caso dos Graos, serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola, segundo específica o RRI. Serán responsables de liderar e organizar os traballos da correspondente Comisión do Título.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano responsable, en coordinación coas Comisións de Títulos, das tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e xeración de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos/as os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión, segundo específica o RRI. A coordinación desta Comisión está en mans do/a Responsable de Calidade do Centro.

Plano Executivo de Calidade

O [Plano Executivo de Calidade](#) (PEC), segundo se indica na súa introdución, “recolle a descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade na Docencia”. Tamén define a forma de xerar e almacenar as evidencias de cada unha destas actividades.

No curso 2015-2016, a Comisión de Calidade aprobou a primeira versión e na revisión posterior do SGC incorporouse o seu seguimento en todos os procesos nos que está implicado. O PEC permanece en vigor mentres non se actualiza na CCC (a versión actual foi aprobada pola Comisión de Calidade o 11 de decembro de 2020). Inclúe catro grandes áreas: actividades académicas, avaliación de aspectos de docencia, avaliación de aspectos de seguridade e xestión da información producida no centro.

Nas diferentes actividades incluídas no PEC defínense os seguintes elementos: Responsables (de realización e/ou de explotación de resultados), Grupos de Interese, Formato de Realización, Datas ou Períodos Preferentes de Realización, Control da Participación, Documentación Producida e Uso do Resultado e das Conclusións.

O PEC da ETSE foi recoñecido como [Boa Práctica de Calidade nos centros docentes da USC](#), na Convocatoria 2019 pola Comisión de Calidade delegada de Consello de Goberno da USC.

1.2. Procedemento de Elaboración da Memoria de Centro

De acordo co procedemento *PE-02 Revisión e mellora*, do SGC a Memoria de Calidade do Centro (este documento) é elaborada de forma coordinada pola Comisión de Calidade do Centro e polas diferentes Comisión de Títulos de Grao e Máster.

Nunha primeira fase, as Comisión de Títulos reflexionan sobre os indicadores asociados aos seus títulos e avalían a efectividade das Accións de Mellora anteriores. A partir das conclusións obtidas deseñan novas propostas de Accións de Mellora orientadas exclusivamente ao título.

Nunha segunda fase, a Comisión de Calidade analiza, e trata de integrar, as propostas de Accións de Mellora dos títulos engadindo as Accións Mellora Transversais a nivel de centro e se definen os obxectivos de Calidade do centro que integran todas as accións de mellora propostas a nivel de títulos y de centro.

A Memoria de Calidade, elaborada e informada pola Comisión de Calidade, aprobase na Xunta de Escola da ETSE tras a revisión por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC. A persoa responsable de calidade do centro a remite á vicerreitoría con competencias en calidade, que dará traslado da mesma á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e para, no seu caso, formular recomendacións. A ACMP remite a memoria de calidade do centro anualmente á ACSUG para o seguimento externo dos sistemas certificados baixo as directrices do programa Fides-Audit.

Finalmente, seguindo o proceso *PS-06 Información pública*, o/a director/a do centro difunde a memoria a través da web do centro.

1.3. Títulos Impartidos no Centro

A ETSE contou no curso 2020-2021 con 2 titulacións de Grao (unha delas coordinada nun Dobre Grao) e 5 titulacións de Máster:

- ✓ Grao en Enxeñaría Informática, desde o curso 2009-2010
 - BOE: 5 de Marzo de 2010
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Grao en Enxeñaría Química, desde o curso 2010-2011
 - BOE: 22 de Febreiro de 2011
 - Última Acreditación: 20 de Xullo de 2016
- ✓ Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, desde o curso 2015-2016
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, desde o curso 2007-2008
 - BOE: 9 de Decembro de 2011
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprosos, desde o curso 2013-2014
 - BOE: 4 de Abril de 2014
 - Última Acreditación: 4 de Outubro de 2016
- ✓ Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data, desde o curso 2015-2016
 - BOE: 18 de Marzo de 2016
- ✓ Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións, desde o curso 2018-2019
 - BOE: 7 de setembro de 2018
- ✓ Máster Universitario en Visión por Computador, desde o curso 2020-2021
 - BOE: 17 de setembro de 2020

Acrónimos utilizados nesta memoria para a identificación do centro e dos títulos:

- X ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- X GrEI: Grao en Enxeñaría Informática
- X DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas
- X GrEQ: Grao en Enxeñaría Química
- X MEnA: Máster Univ. en Enxeñaría Ambiental

- X MEQB: Máster Univ. en Enxeñaría Química e Bioprocesos
- X MTAD: Máster Univ. en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data
- X MHPC: Máster Univ. en Computación de Altas Prestacións
- X MCV: Máster Univ. en Visión por Computador

1.4. Acreditacións

Acreditacións nacionais e internacionais en vigor na ETSE na data de elaboración desta Memoria de Calidade:

- ✓ Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 43/10
 - Data de Emisión: 26 Abril 2010
- ✓ Implantación do Sistema de Garantía de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 03/16
 - Data de Revisión: 22 Xullo 2019
 - Data de Emisión: 22 Xullo 2016
 - Validez ata: 22 Xullo 2022
- ✓ Acreditación Institucional da ETSE
 - Consello de Universidades
 - Data de Emisión: 28 Xaneiro 2019
 - Validez ata: 27 Xaneiro 2024
- ✓ Internationally Accredited Degree (Grao en Enxeñaría Química e Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos)
 - Institution of Chemical Engineers (IchemE)
 - Date of Issue: 2 Febreiro 2018
 - Prazo de validez: curso 2024-25
- ✓ Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo. Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR)
 - OHSAS 18001:2007 (Certificado SST-0119/2012)
 - Data da Primeira Emisión: 31 Maio 2012
 - Reacreditación ISO 45001_2018 (Certificado ES-SST-0119/2012)
 - Data da primeira emisión: 30 Setembro 2021
 - Suspensión da certificación: 6 Febreiro 2023
- ✓ Mención de Excelencia do Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental
 - DOG 15/07/2020

1.5. Órganos de goberno do centro

Son órganos de goberno e administración da Escola: A Xunta de Escola, o/a Director/a, o/a Subdirector/a e o/a Secretario/a. Cada unha das titulacións impartidas na Escola ten un/ha coordinador/a académico.

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do Centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola e supervisa o labor dos seus órganos de goberno e administración. Actuará a través do Pleno ou das Comisións: Comisión Permanente e Comisións Delegadas da Xunta de Escola (Comisión de Calidade, Comisións de Título, Comisión de Seguridade e Saúde, Comisión de Normalización Lingüística e Comisión de Biblioteca).

En canto a estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade está formada por:

- Equipo de Dirección (ED)
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)

- Responsable de calidade do centro (RCC) que é o/a Director/a do centro.
- Comité(s) Consultivo(s)
- Comisións de Título de Grao (CTG) e de Máster (CTM)
- Coordinador/a de título (CT)

Por outra parte, o [Regulamento de Réxime Interno da Escola Técnica Superior de Enxeñaría](#) (Modificación aprobada en Xunta de Escola de 21/01/2021 e 11/02/2021; Consello de Goberno 25/02/2021) de acordo co disposto no artigo 96.1 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular o seu funcionamento.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En outubro de 2014 apróbase en Xunta de Escola o [Plano Estratéxico da ETSE 2014-2020 \(PE14/20\)](#), que está en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020. Neste PE14/20 a ETSE volve a reafirmarse na súa Misión, na súa Visión e nos seus Valores definidos inicialmente na Política de Calidade de 2009. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 7 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 26 obxectivos desenvolvidos en 48 accións.

Por outra parte, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría conta cunha [Política de Calidade](#) aprobada pola Xunta de Escola en 2009, verificada pola ACSUG o 12 de maio de 2010 e vixente no momento de elaboración desta memoria ata a elaboración do novo Plano Estratéxico en 2023.

En xullo de 2016 a ETSE obtén a [Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da ETSE](#) outorgado pola ACSUG. En xaneiro de 2019 a ETSE acada a [Acreditación Institucional polo Consello de Universidades](#). En decembro de 2020 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno aproba a adaptación ao centro do [Manual de Procesos](#) (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 30/09/2020).

O 17 de decembro de 2020 aprobouse en Xunta de Escola (aprobación da Comisión de Calidade Delegada de Consello de Goberno o 03/03/2021) o [Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría](#), definido en consonancia coa programación plurianual da USC 2019-2022 e que constitúe a prórroga para o período 2020-2022 do Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela 2014-2020. Neste acordo retiráronse algúns dos obxectivos e accións estratéxicas, ben por estar totalmente cumpridos/as ou porque xa se decidira non executalos/as. Por outra parte, considerouse importante incorporar novos/as obxectivos/acccións en base ás necesidades actuais dos títulos, do centro e da súa contorna. O acordo conta con 7 liñas estratéxicas (LIÑE) que inclúen 26 obxectivos estratéxicos (OBXE) e as correspondentes accións asociadas. Resúmense a continuación os aspectos máis destacados das accións desenvolvidas durante o curso 2021-22 e o seu grao de desenvolvemento.

LIÑE 1: Infraestruturas

A primeira das liñas estratéxicas centrase nas infraestruturas como elementos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do centro. Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a necesidade de mellorar continuamente os espazos físicos onde se desenvolven as actividades e as infraestruturas dispoñibles neles. Asimesmo xurde a necesidade de dotar novos espazos para a docencia e tamén para o profesorado do centro.

OBXE 1.1: Mellorar as infraestruturas docentes

No curso 2021-22 a dotación de equipamento e outros medios para a docencia contemplouse nas accións de mellora AM-ETSE-2, AM-MEQB-6 e AM-MEnA-1. Instaláronse cámaras/altosfalantes nas aulas 6 e 7, renováronse as pantallas das aulas 1, 5 e 8, os cañóns da aula 1 e do salón de actos e as conexións do salón de actos. Cambiáronse 60 discos duros a SSD das aulas informática do alumnado para mellorar o funcionamento dos equipos. Comprouse equipamento para as prácticas dos novos títulos aínda que deberá continuarse nos próximos anos en función do orzamento dispoñible. Adquiríuse un software para o Máster en Enxeñaría Ambiental. Adicionalmente participouse nunha convocatoria da USC para a dotación de equipamento docente co que se adquiriu unha práctica a escala piloto para as prácticas do GrEQ e MEQB.

No que respecta aos espazos para o profesorado, dotáronse 4 despachos no edificio Monte da Condesea para o profesorado que deixou o CITIUS e un novo profesor axudante doutor. Adaptáronse 3 postos provisionais na ETSE para 3 profesores axudantes doutores do departamento de electrónica e computación á espera da concesión de despachos definitivos pola xerencia da USC. Fíxose un estudo das necesidades de espazos a corto e medio prazo para o profesorado do Departamento de Electrónica e Computación que se remitiu á xerencia da USC.

No curso 2022-23 estanse a desenvolver tres accións de mellora nesta liña descritas no apartado 3.3, a AM-ETSE-4, AM-MEQB-6 e AM-MTAD-2.

OBXE 1.2: Mellorar as instalacións xerais do centro

Neste obxectivo, continuaron as obras para resolver as deficiencias estruturais do centro e diferentes labores de mantemento dos espazos tanto docentes como non docentes pero sempre limitados polo orzamento dispoñible. Neste sentido seguen a existir diversos problemas detectados polas auditorías de seguridade e no control de condicións de traballo e cabe sinalar como temas pendentes os problemas de gretas e de filtracións de auga en diferentes lugares do edificio, como a cuberta do Edificio de Enxeñaría Química e tamén a necesaria climatización dos espazos da ETSE, cuxa solución require dispor de orzamento adicional.

LIÑE 2: Oferta Docente de Grao

A segunda liña estratéxica enfocase á oferta docente de grao que se está impartir no centro pois constitúe o obxectivo central de todo espazo docente. Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a mellorar diferentes aspectos de desenvolvemento dos títulos. Tamén é moi importante avanzar no coñecemento da implantación e execución real dos títulos. Por suposto sen esquecer o traballo continuo en revisar o catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

OBXE 2.1: Definir un mapa estratéxico de titulacións de grao

O curso 2019-20 a ETSE presentou a primeira declaración de intencións para a implantación do título de Grao en Intelixencia Artificial na ETSE pero recibiu informe desfavorable da Secretaría Xeral de Universidades. En 2021 preséntase unha nova declaración de intencións por parte da ETSE e finalmente o 4 de maio de 2021 as tres universidades galegas asinaron coa Xunta de Galicia un acordo para a impartición do Grao en Intelixencia Artificial, de carácter interuniversitario, que se imparte na ETSE desde o presente curso 2022-23 cunha oferta inicial de 50 prazas de novo acceso anual por cada universidade. Por outra parte iniciáronse contactos para estudar a posible creación dun Dobre Grao Enxeñaría Química/Biotecnoloxía.

Por outra parte, en canto as titulacións de Grao existentes, no caso do Grao en Enxeñaría Informática foi necesario acometer unha serie de modificacións e actualizacións atendendo á realidade do seu ámbito académico, científico e profesional e nunha primeira fase, que se implantou no curso 2020/21, introducíronse unha serie de materias optativas novas, o que supuxo unha modificación non substancial do título (aprobada en Consello de Goberno de 6 de marzo de 2020). Posteriormente solicítase una modificación substancial do Grao (aprobada en Consello de Goberno de 24 de xullo de 2020) que recibiu informe favorable da ACSUG o 14 de maio de 2021 e que comezou a súa implantación no curso 2021-22. Con respecto ao Grao en Enxeñaría Química solicitouse unha modificación non substancial limitada a unha materia (aprobada en Consello de Goberno de 2021) que implantouse no curso 2021-22. No mesmo curso desenvolveuse unha acción de mellora (AM-GrEQ-7 Modificación do Plan de estudos do GrEQ) para estudar unha nova modificación non substancial co fin incluír a docencia de simulación (Aspen Hysys) e contidos de Seguridade nalgúns materias (aprobación da proposta na Xunta de Escola da ETSE de 18/11/2021) para a súa implantación no curso 2022-23. O GrEQ segue manténdose nos cinco primeiros postos do "Ranking 50 Carreras" do xornal El Mundo entre os títulos de Grao en Enxeñaría Química a nivel nacional.

OBXE 2.2: Incrementar a docencia en inglés

No Grao en Enxeñaría Química detéctouse certa dificultade para aumentar o alumnado que cursa as materias en inglés, que é baixo nalgúns casos, e que ademais non é uniforme nas materias dun mesmo curso polo que se propuxo unha acción

de mellora coa finalidade de estudar o problema e buscar solucións (AM-GrEQ-3 do curso 2020-21). Aínda que se segue traballando na promoción das materias en inglés entre o alumnado no curso 2021-22 non se desenvolveu unha acción de mellora específica.

OBXE 2.3: Mellorar a difusión das titulacións

A ETSE participa regularmente na difusión dos seus títulos de Grao a través das actividades que formula o Programa A Ponte como os ENCONTROS na Zona USC, A USC Camiña e nas charlas temáticas nas que participaron 11 profesores/as da ETSE impartindo 28 charlas en centros de secundaria/bacharelato. No curso 21-22 tamén se seguiu participando nas Xornadas de Orientación do Colexio La Salle (Santiago de Compostela) presentando o Grao en Enxeñaría Informática.

Outra actividade desenvolvida que contribúe a difusión dos títulos é o [Concurso Informatízate](#) dirixido a estudantes de Primaria, ESO, Bacharelato e FP do que se desenvolveu a súa segunda edición no curso 2021-22.

OBXE 2.4: Mellorar o proceso de captación de alumnas

A creación da Comisión de Igualdade da ETSE aprobouse en Xunta de escola de 10/06/2021, constituíuse en setembro do mesmo ano a través da acción de mellora AM-ETSE-4 *Desenvolvemento de actividades en prol da igualdade* desenvolvéronse diferentes actividades nos días sinalados para a igualdade (25N, 11F, 8M e 23J). Cabe destacar a creación do espazo web "[Enxeñeiras Referentes da USC](#)", cunha representación das primeiras tituladas en Enxeñaría no campus de Santiago de Compostela. Outras accións salientables foron propoñer a igualdade nos tribunais de avaliación de traballos fin de grao e fin de máster e estender o uso da linguaxe inclusiva en todas as actividades do centro.

Por outra banda seguise contando coa colaboración de alumnas e egresadas nas actividades de difusión que desenvolve o centro.

OBXE 2.5: Estructurar o programa de visitas a empresas

As visitas a empresa consideráanse unha actividade fundamental particularmente no de Enxeñaría Química no que se efectúan de modo regular en todos os cursos. Como resultado dunha acción de mellora do curso 2019-20 (AM-GrEQ-4) no curso 2021-22 definiuse un plan estruturado de visitas para o Grao definindo as materias nas que se van realizar visitas técnicas e as correspondentes empresas cun mínimo dunha visita por curso e cuadrimestre.

OBXE 2.6: Revisar o cumprimento das memorias das titulacións

En abril de 2015, a Comisión de Calidade do centro aproba unhas "[Recomendacións para a Elaboración das Guías Docentes](#)" que teñen como obxectivo mellorar a adecuación dos programas ao recollido nas memorias de verificación e os programas son anualmente revisados polas Comisións dos títulos. En canto a avaliación da adquisición das competencias desde o curso 2016-2017 realízase periódicamente unha [enquisa de adquisición de competencias](#) para as dúas titulacións de grao na que se avalía por parte de estudantes de último curso, egresados, profesorado e empregadores a obtención das competencias reflectidas nas memorias das titulacións por parte dos egresados.

LIÑA 3: Oferta Docente de Posgrao

A terceira liña estratéxica enfocase a oferta docente de posgrao que se está impartir no centro pois constitúe o outro obxectivo central de todo espazo docente. O obxectivo estratéxico desta liña é traballar no catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación dos nosos estudantes.

OBXE 3.1: Definir un mapa estratéxico de titulacións de posgrao

No curso 2020-21 iníciase na ETSE o Máster interuniversitario en Visión por Computador (MCV) e solicítanse tres modificacións de títulos de Máster, unha modificación non substancial do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data e dúas modificacións substanciais do Máster en Enxeñaría Ambiental e do Máster en Computación de Altas Prestacións xa implantadas. Cabe mencionar que o Máster en Enxeñaría Ambiental ademais de manter a Mención de Excelencia do SUG acadada no 2020, obtivo de novo no 2022 o primeiro posto dos másters de Medio Ambiente/Xestión Ambiental no Ranking El Mundo 250 Másters e o Máster en Computación de Altas Prestacións obtivo a Mención de Excelencia do SUG no 2022.

Por outra banda o 4 de maio de 2021 as tres universidades galegas asinaron coa Xunta de Galicia un acordo para a impartición do Máster en Intelixencia Artificial, de carácter interuniversitario, que se imparte na ETSE desde o presente curso 2022-23 cunha oferta inicial de 20 prazas de novo acceso anual por cada universidade.

O 10 de febreiro de 2023 a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría aproba as declaracións de intencións dos Másters en Economía Circular, Xestión Sostible da Auga, e Internet das Cousas: IoT, os tres recollidos en "O proxecto Galicia 2030: Perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades" elaborado por FEUGA por encargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e destinado a elaborar o mapa de titulacións do SUG 2022-2026, dos que o Máster en Xestión Sostible da Auga superou o proceso de verificación e comezará a impartirse na ETSE no curso 2023-

24.

OBXE 3.2: Incrementar a docencia en inglés

No curso 2021-22 non se propuxeron acción de mellora orientadas a incrementar a docencia en inglés nos Másters.

OBXE 3.3: Mellorar a difusión das titulacións

A ETSE de forma xeral participa nas actividades de difusión dos títulos de Máster organizados pola USC como se explica posteriormente. A maiores desde as comisións de título defínense accións de mellora encamiñadas a mellorar a difusión como as AM-MEQB-1, AM-MEnA-4, AM-MTAD-1 desenvoltas durante o curso 2021-22 e cuxa execución pode revisarse no apartado 3.1 e as AM-MEQB-1, AM-MEnA-4, AM-MTAD-3 e AM-MCV-1 propostas para o curso 2022-23 e descritas no apartado 3.3.

LIÑE 4: Calidade da Docencia

A cuarta liña estratéxica ten que ver coa calidade da docencia como aspecto fundamental para ofrecer ao noso estudantado unha docencia cada vez mellor. Entre os obxectivos estratéxicos desta liña destaca a intención de avanzar na implantación da versión revisada do manual de procesos do Sistema de Garantía da Calidade no convencemento de que é unha ferramental fundamental de mellora. Non menos importante é a necesidade de coñecer mellor o que ocorre no desenvolvemento das titulacións, e na incorporación dos/as nosos/as egresados/as ao mercado laboral, como fonte de deseño de accións de mellora futuras. Inclúense, ademais, obxectivos concretos para mellorar aspectos que deben ser tidos en conta sempre como a formación docente do noso profesorado.

OBXE 4.1: Coñecer a situación profesional dos/as egresados/as e a súa adaptación ao mercado laboral

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización de enquisas de inserción laboral dos/as egresados/as dos títulos de grao e dalgúns dos títulos de máster a petición da Comisión de Calidade do centro. Temos en marcha dúas accións de mellora resultado do último proceso de acreditación do Grao en Enxeñaría Química e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos para obter información sobre os egresados por parte da ACSUG que se continúan cada curso ata que dita información sexa recibida (AM-GrEQ-9 e AM-MEQB-3 no 2021-22) aínda que no presente curso mantense a do Grao (AM-GrEQ-1) pero a do Máster se reformulou e será o centro o encargado de obter información da inserción laboral dos egresados e retroalimentación para a identificación de aspectos a mellorar no Máster (AM-MEQB-8). No Máster en Enxeñaría Ambiental formulouse unha acción de mellora co mesmo obxectivo (AM-MEnA-2).

OBXE 4.2: Incrementar a formación docente do profesorado

No curso 2021-22 o [grupo de innovación docente FelDIng \(Formación e Innovación Docente en Enxeñaría\)](#), que iniciou a súa actividade no curso 2020-21, continua desenvolvendo a súa actividade. No curso 2021-22 non se propuxeron accións de mellora neste ámbito pero sí se realizaron actividades de formación do profesorado que se incorporaron ao PFID da USC: Curso de válvulas de control e Curso de Electrotecnia Aplicada. No curso 2022-23 está a desenvolverse unha acción de mellora no Máster en Enxeñaría e Bioprocesos co fin de formar ao profesorado do Máster en metodoloxías de roles de equipo (AM-MEQB-2).

OBXE 4.3: Coñecer o desenvolvemento subxectivo das competencias das titulacións

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización dunha *Enquisa de Adquisición de Competencias*, que ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de egreso do estudantado das titulacións do centro e realízase con periodicidade bianual, alternando as titulacións de Grao e as titulacións de Máster. Recolle a opinión de diferentes colectivos (estudantes do último curso, egresados/as, profesores/as e empregadores/as) sobre a eficacia da docencia que se realiza nas titulacións do centro cara a obter as competencias que se indican nas correspondentes Memorias das Titulacións. Esta enquisa obtivo o [recoñecemento de boas práctica de calidade nos centros docentes da USC na convocatoria de 2022](#).

OBXE 4.4: Desenvolver o Sistema de Xestión Interna da Calidade

No curso 2020-21 expúxose unha acción de mellora (AM-ETSE-2) co fin de facer un seguimento dos proceso do centro tras a actualización do manual e elaborouse un [informe sobre o desenvolvemento do SGC](#) que se sigue preparando cada ano.

OBXE 4.5: Acreditar as titulacións existentes

En febreiro de 2018 obtívose a acreditación por IchemE das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos con validez ata 2023 (prorrogada pola COVID-19). Co obxectivo de conseguir a reacreditación é preciso traballar de forma continua para manter os niveis de calidade esixidos.

OBXE 4.6: Estudiar a carga real de traballo das titulacións

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización dunha *Enquisa de Carga de Traballo e Avaliación Continua*. Analízase a opinión do profesorado e estudantado respecto a cantidade de traballo persoal do/a estudante

(traballo fora das aulas) nas diferentes materias das titulacións de grao. Realízase ao finalizar cada cuadrimestre polo/a Responsable de Calidade do centro. A enquisa é analizada pola coordinación do título e presentada á Comisión académica e á Comisión de Calidade. Nas materias de máster, dado o pequeno volume de estudantes, realízase dende a coordinación da titulación.

OBXE 4.7: Participar na orientación laboral do alumnado

Ata o momento a orientación laboral do alumnado realízase a través do Foro de Empresas que se celebra no Grao en Enxeñaría Informática desde o curso 2011-12 e que se iniciou no Grao en Enxeñaría Química no curso 2021-22. Adicionalmente, algunhas actividades desenvoltas na [Aula Profesional da ETSE](#) que involucran a empresas tamén contribúen á este fin así como as visitas técnicas realizadas nas que algunhas empresas refírense en concreto aos seus plans de captación de persoal. A maiores de forma puntual nalgúns títulos propóñense accións de mellora para reforzar o contacto alumnado/empresa como as AM-GrEQ-4 e AM-MEnA-4 desenvoltas no 2021-22 e as AM-MHPC-3 e AM-MCV-2 propostas para o curso 2022-23 que poden consultarse no apartado 3 desta memoria.

OBXE 4.8: Mellorar as taxas de resposta nas enquisas aos grupos de interese

Desde fai varios cursos as baixas taxas de resposta nas enquisas aos grupos de interese é un problema xeneralizado polo que se están a desenvolver accións de mellora desde moitos dos títulos aínda que polo momento non con resultados satisfactorios (AM-GrEQ-3 e AM-MEQB-3 desenvoltas no curso 2021-22 e AM-GrEI-4, AM-MEQB-3 e AM-MEnA-1 propostas para o 2022-23).

LIÑE 5: Xestión Administrativa

A quinta liña estratéxica enfocase cara os aspectos de xestión administrativa, pois estes procesos son un punto importante de interacción dos nosos usuarios co centro. O obxectivo estratéxico fundamental desta liña é traballar na mellora, que debe ser continua, destes procesos. Dentro de todos os procesos relacionados con esta liña destaca a revisión dos procesos de comunicación co obxectivo de asegurar a dispoñibilidade da información en tempo e forma. Tamén é extremadamente importante traballar na xestión da seguridade da información e da xestión de datos.

OBXE 5.1: Mellorar as políticas de comunicación

Despois de varios anos foi posible renovar a web da ETSE a través dunha actualización institucional. Neste momento séguese traballando para mellorar a difusión da información e a garantir a dispoñibilidade de toda a información necesaria do centro e dos títulos. Particularmente, desenvólvense accións para mellorar aspectos concretos como é o caso dos másteres interuniversitarios moitos deles cunha web propia (AM-MCV-1 no curso 2021-22 e AM-MHPC-1 no 2022-23). Ademais da web como canle de comunicación xa está establecido o uso do twitter do centro (@etse_usc) que conta con cerca de 1300 seguidores/as e das pantallas do centro.

OBXE 5.2: Mellorar os procesos administrativos

No curso 2020-21 iníciase accións de mellora encamiñadas a potenciar o uso da administración electrónica e a garantir a protección de datos en todas as actividades do centro. Xeneralizouse o uso da sinatura electrónica na secretaría administrativa da ETSE así como a publicación de convocatorias, resolucións, etc. no taboleiro electrónico da USC. No que respecta a protección de datos, solicitouse ao alumnado de nova incorporación autorización para o uso da propia imaxe e aos/ás egresados/as a autorización para o uso dos seus correos electrónicos privados para fins de obter información para a análise de calidade do centro e dos títulos. A través da AM-ETSE-1 no curso 2021-22 trasladouse toda a documentación administrativa á nube e revisouse o procedemento de publicación da documentación relativa a TFG e TFM para ter en conta a protección de datos. Para o presente curso 2022-23 proponse a través da acción de mellora AM-ETSE-5 realizar unha análise da organización e execución do traballo administrativo do centro co fin de mellorar o funcionamento da unidade de apoio á xestión de centro e departamentos.

LIÑE 6: Poñerse ao Servizo da Sociedade

Os obxectivos estratéxicos desta liña teñen como obxectivo impulsar accións para consolidar a imaxe do centro na sociedade.

OBXE 6.1: Potenciar o uso da lingua galega

No curso 2020-21 reactivouse a Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da ETSE e participouse na Convocatoria de Axudas da USC para actividades de normalización lingüística, da que resultou a primeira convocatoria do [Concurso Informatizate](#) convocado pola ETSE para promover o uso da lingua galega entre o estudiantado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP e que xa está na súa terceira edición. No curso 2021-22 tratouse de potenciar o uso da lingua galega nas actividades da ETSE a través da proposta de actividades que promovan o seu uso entre o alumnado, o desenvolvemneto

de TFG e TFM e galego e o seu uso nas actividades de difusión e comunicación do centro (AM-ETSE-3).

OBXE 6.2: Avanzar na igualdade

Como primeiro paso para empezar a traballar no ámbito da igualdade creouse a Comisión de Igualdade da ETSE (Xunta de Escola de 10/06/2021), na que se implicaron profesorado, PAS e alumnado do centro. O Premio Informatizate antes sinalado aínda que convocado desde a CNL tamén tivo como obxectivo traballar na igualdade promovendo a visibilización de referentes femininos no ámbito da informática. A acción de mellora desenvolvida para este fin (AM-ETSE-4 do 2020-21) tamén tivo como obxectivos o desenvolvemento de actividades en días sinalados en prol da igualdade o uso da linguaxe inclusiva ou a proposta de paridade nos tribunais de TFG/TFM.

OBXE 6.3: Aplicar os principios da economía circular

Co fin de dar a coñecer ao alumnado os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da axenda 2030 de gran relevancia neste momento no Grao en Enxeñaría Química e no Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos comenzo a traballar na incorporación de aspectos relacionados cos eles nas guías docentes das materias (GrEQ-5 e AM-MEQB-5) e a nivel de centro desenvolveuse a AM-ETSE-5 enfocada á minimización da xeración de residuos por parte do centro.

LIÑE 7: Relacións coa Sociedade

A sétima liña estratéxica abarca todo o relativo as relacións entre o centro e os diferentes axentes sociais co que este se relaciona. O obxectivo estratéxico mais importante desta liña está relacionado cos axentes sociais que teñen influencia indirecta na docencia que se imparte no centro. Neste senso destacan as empresas coas que o centro ten convenios para o desenvolvemento de prácticas en empresa ou a realización de traballos fin de grao ou fin de máster e aquelas que forman parte dos comités externos dos títulos.

OBXE 7.1: Internacionalización

En xeral destaca o inicio ou reforzo de contactos con universidades significativas de América Latina co fin de captar alumnado a nivel de Máster (AM-MEnA-2 e AM-MTAD-1 no curso 2021-22, que se continúan no 2022-23 na AM-MEnA-3 e AM-MTAD-3). Tamén hai interese en reforzar os convenios ERASMUS para os títulos actuais (AM-GrEI-1 no 2021-22 e 2022-23) e na procura de convenios para os novos títulos (AM-ETSE-2).

OBXE 7.2: Relacións co tecido empresarial

O centro dispón dun elevado número de convenios con empresas que garanten a oferta de prácticas externas das diferentes titulacións. Asimesmo, a maior parte dos títulos dispoñen de comités externos co fin de implicar ao mundo empresarial na mellora continua das titulacións. No 2021-22 desenvolveuse unha acción encamiñada a reforzar estas relacións para o GrEQ (AM-GrEQ-4) e na actualidade para o MCV (AM-MCV-1) e a nivel de centro estase na procura de convenios de prácticas para os novos títulos de Intelixencia Artificial recentemente implantados (AM-ETSE-3)

O seguimento das accións de mellora realizase pola comisión de cada título e os informes resultantes son analizados pola Comisión de Calidade xunto coas propostas a nivel de centro. En canto ao **grao de cumprimento do plan de melloras** no curso obxecto de análise no apartado 3.1 desta memoria, dase conta da execución das accións contempladas no plan de melloras 2021-22 e os aspectos máis destacados sobre a súa execución coméntanse no desenvolvemento das diferentes directrices. Durante o curso 2021-22 desenvóléronse un total de 41 accións de melloras englobadas en 14 obxectivos de calidade, das cales 6 desenvóléronse a nivel de centro e as restantes a nivel de título: GrEQ (8 accións), GrEI (5 accións), MEQB (8 accións), MENA (4 accións) e MTAD (4 accións), MHPC (3 accións) e MCV (3 accións). Delas 25 foron executadas, 9 parcialmente e o resto non foron executadas GrEQ (2) e MEQB (5). Para o curso 2022-23 propóñense 35 accións de mellora englobadas en 14 obxectivos de calidade das cales 6 desenvolveranse a nivel de centro e as restantes a nivel de título: GrEQ (2 accións), GrEI (4 accións), MEQB (9 accións), MENA (5 accións), MTAD (5 accións), MHPC (3 accións) e MCV (3 accións).

Polo que respecta aos **títulos interuniversitarios**, temos tres Másters, o MTAD, o MHPC, e o MCV o primeiro e o terceiro coordinados pola USC e o segundo pola UdC. Aínda que para o segundo o seguimento corresponde á Universidade coordinadora na presente memoria tamén se recolle a análise do MHPC e se propoñen as correspondentes accións de mellora.

A recollida de información relativa á **satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese** e un dos aspectos máis relevantes do SGC e desenvólvese de acordo co proceso *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades* do SGC. Na ETSE a maiores da información recollida a nivel institucional para avaliar as distintas directrices contempladas nesta

memoria, realízanse catro enquisas propias recollidas no [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#), para coñecer aspectos dos estudantes de nova incorporación (perfil de ingreso), a adquisición das competencias recollidas nas memorias dos títulos (perfil de egreso), se as diferentes materias dos títulos están a desenvolverse, en termos de tempo de traballo dos estudantes, dacordo ao planificado nas respectivas memorias de titulación (enquisa de carga de traballo) e recoller información sobre a situación laboral actual dos/as egresados/as (cuestionario de inserción laboral). Os resultados, tanto en graos como en másteres, son analizados nas Comisións de Título e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria. Non obstante, un dos problemas e a baixa taxa de resposta nas enquisas telemáticas que lles resta fiabilidade polo que xa están en desenvolvemento accións de mellora encamiñadas a aumentala como xa se indicou previamente e se comentará na discusión particular dos títulos. Por outra parte, o Plan Executivo de Calidade tamén contempla a celebración de diversas reunións encamiñadas á formulación de accións de mellora: Reunión do Comité Externo, Anual de Coordinación de Profesores/as, Anual de Avaliación con Estudantes e Reunións de Coordinación.

En canto a xestión das **suxestións, queixas e reclamacións** desenvólvense de acordo co proceso *PS-05 Xestión de incidencias* (SQR) do SGIC. No curso 2021-22, recibíuse 1 queixa relativa a instalacións e 2 relativas a servizos que foron consideradas, e non houbo queixas relativas a Administración. No que respecta aos títulos houbo 6 suxerencias/queixas, 2 no GrEI e 4 no GrEQ e non houbo ningunha no caso dos másteres. Delas 3 foron por parte do alumnado, dúas relacionadas coa aspectos docentes polas condicións impostas pola COVID-19 e 3 por parte do profesorado. Todas foron consideradas e resoltas.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos programas formativos da ETSE lévanse a cabo de acordo co proceso institucional PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros.

As comisións de título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, analizan os seus indicadores e trasladan á Comisión de Calidade do Centro (CCC), a través do/a Coordinador/a, as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar. Na CCC analízase o funcionamento global do SGC do centro e os resultados dos distintos programas formativos, en base ás reflexións e propostas de mellora achegadas polas súas comisións de título.

Tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e as propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, a CCC elabora o plan de melloras anual que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

Por outra parte, as [recomendacións para a elaboración de guías docentes](#), aprobadas no marco da CCC, permiten definir un estándar de calidade común para os programas de todas as materias de todos os títulos.

Por outra banda, o [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) recolle diferentes accións que se desenvolven para o seguimento dos títulos: seguimento das accións de mellora e reunións do Comité Externos, anual de coordinación de profesores/as anual de avaliación con estudantes e de coordinación de cursos ou módulos. Tamén recolle o programa de acollida ao centro que inclúe os actos de benvida ao alumnado de nova incorporación que se celebran cada ano para todos os títulos do centro e que teñen como obxectivo ofrecer aos/as estudantes de novo ingreso información de acollida, incidindo en aspectos que calquera estudante debe coñecer da vida universitaria a todos os niveis (institucional, de centro e da titulación que vai a cursar). No Grao en Enxeñaría Química contábase desde o curso 2021-22 co apoio dun alumno titor para apoio ao alumnado do título. Por outra banda, publícase na web do centro a [Guía ETSE estudantes](#) e o [Calendario ETSE](#) que proporcionan información de acollida necesaria para o estudiantado.

A nivel de centro propóñense dúas accións de mellora a desenvolver durante o presente curso, ás dúas relacionadas coa posta en marcha de novos títulos de grao e máster no centro:

- AM-ETSE-2: Procura de convenios ERASMUS para os novos títulos
- AM-ETSE-3: Procura de convenios para prácticas en empresa dos novos títulos.

A continuación, preséntase un resumo do desenvolvemento dos títulos que se imparten na ETSE durante o curso 2021-22 en relación a esta directriz.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

Ao longo do curso 2013-2014 realizáronse os trámites precisos na USC que culminaron na aprobación polo Consello de Goberno (27/07/14) e o Consello Social (30/06/14) da USC da modificación do título para definir un curso de adaptación de 60 ECTS. A Secretaría Xeral de Universidades (08/10/14) remitiu escrito á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa no que se "informaba favorablemente ao envío da verificación da proposta de modificación do plano de estudos do Grao en Enxeñaría Química por adaptarse ás recomendacións dos informes de seguimento da ACSUG. O 23/03/15 a ACSUG remitiu informe final relativo á modificación da memoria do GrEQ en termos FAVORABLES.

No curso académico 2020-2021 realizouse unha solicitude de modificación non sustancial da memoria do título no que respecta á materia Matemáticas de primeiro curso (AM-GrEQ-11, 2020-21) aprobada en Comisión de Título o 18/01/2021.

No curso académico 2021-2022 realizouse unha solicitude de modificación non sustancial da memoria do título no que respecta ás materias Transporte de fluídos G4021224, Transmisión de calor G4021225, Termodinámica aplicada á enxeñaría química G4021222 e Enxeñaría de Procesos G4021329 (AM-GrEQ-7, 2021-22) aprobada en Comisión de Título o 10/11/2022.

En cada curso académico as guías son revisadas polo departamento responsable e a ETSE e apróbanse unha vez que se comproba que cumpren coa memoria do título.

Fanse reunións de coordinación por curso nas que se fai un seguimento ao comezo e final de cada cuatrimestre para comprobar, entre outras cousas, o cumprimento das guías.

Faise unha reunión de coordinación de profesores/as ao comezo de curso, unha reunión por semestre e curso co profesorado implicado, e reunións non programadas para a coordinación entre materias.

Ao comezo de curso na reunión de profesores/as faise unha análise da información que se ten sobre os/as alumnos/as que ingresaron nese curso (perfil de xénero e nota ABAU). Non hai información do perfil de egreso que en todo caso non é moi distinto pois a % de abandono no grao non é moi alta. As prazas ofertadas cúbrese cos/as alumnos/as de novo ingreso por preinscripción (IN04G) que se matriculan no primeiro curso por primeira vez. Isto indica o atractivo da titulación.

- A nota media de acceso por preinscripción (IN06G) mantense sobre 10 nos últimos 5 anos.
- A porcentaxe de estudantes extranxeiros matriculados (IN08G) aumentou no último curso mantense nun valor baixo de 0,74 % aínda que se está a facer un esforzo de captación de alumnado extranxeiro importante implantando o semestre de mobilidade que permite agrupar materias impartidas en inglés nun cuatrimestre.
- A porcentaxe de estudantes españois de fora de Galicia (IN09G) tamén é pequena (1,82 %), pero hai que ter en conta que o número de prazas ofertadas é limitado, e que existe oferta noutras comunidades e a nota de acceso é relativamente alta.

A estrutura do TFG garante que se o/a alumno/a o realiza de forma exitosa a aprendizaxe prevista na memoria está garantida.

Os resultados da aprendizaxe segundo a taxa de éxito promedio do título son de 82,05 % (IN35G) atópanse lixeiramente por debaixo do valor fixado na memoria do título (85 %) e da media da Área de Enxeñaría e Arquitectura (85,13 %), sendo tamén inferiores á media da USC (91,76 %). Este indicador está experimentando un aumento comparado co valor do ano anterior no que experimentou unha forte baixada ata o 77,19%. Co fin de favorecer acadar bos resultados faise un seguimento da carga docente do alumnado e dos resultados obtidos na avaliación das materias.

En canto á satisfacción do alumnado coa titulación non hai posibilidade de facer unha análise xa que a porcentaxe de resposta é demasiado baixa (3,43 %). No caso dos/as docentes a porcentaxe de resposta foi do 29,85 % e a valoración global de 4,25 superior a dos cursos anteriores que foi de 3,99 % (2018-2019) e de 4,09 (2020-2021) e un grao de satisfacción global coa titulación de 4,11 (tamén lixeiramente superior a cursos pasados). O menor valor asignado corresponde aos aspectos relacionados co alumnado (que ademais diminuíron en relación a cursos anteriores) como: á implicación do alumnado da titulación (3,39), a asistencia regular ás clases (3,55), a satisfacción do alumnado coa titulación (3,83) e o grao de dificultade no cumprimento do alumnado coa planificación académica (3,83). As valoracións mais altas do profesorado corresponden a: a atención prestada polo persoal de administración e servizos ao alumnado (4,7) e a utilidade do campus virtual na docencia (4,7). O resto dos aspectos relativos á estrutura da titulación, e ás actividades relacionadas coa impartición da mesma obtiveron valores superiores a 4,1 (ademais todos estes valores aumentaron con respecto a cursos anteriores). A satisfacción dos/as egresados/as coa titulación (IN42G) obtivo unha valoración de 3,32, lixeiramente inferior á do curso 2020-2021 que foi de 3,39.

Nesta directriz desenvóléronse as seguintes accións de mellora no curso 2021-22:

- AM-GrEQ-2: Mellora das prácticas de laboratorio do GrEQ (Ven dos cursos 2019-2020 e 2020-2021, AM-GrEQ-7)
- AM-GrEQ-7: Modificación do plan de estudos do GrEQ

En canto a AM-GrEQ-7 a necesidade dunha revisión e modificación profunda da memoria do Grao en Enxeñaría Química ven motivada pola conxunción das seguintes razóns:

- 1) Axustarse ao indicado no R.D. 822/2021 que no numeral 3 do artigo 3 establece: «Todos os títulos universitarios oficiais e os títulos de máster deberán estar adscritos a algún dos ámbitos de coñecemento que se relacionan no anexo I, no momento da inscrición no RUCT. Así mesmo, esta área de coñecemento deberá incluírse na memoria do plan de estudos durante o proceso de comprobación.» Seleccionouse o campo de coñecemento Enxeñaría química, enxeñaría de materiais e enxeñaría do medio natural.
- 2) Adaptarse ás novas esixencias da Institución de Enxeñeiros Químicos (IChemE), para a que actualmente está acreditado o título, que require a aplicación dunha serie de melloras para lograr a súa reacreditación durante o curso 2023-2024. Entre estas melloras destaca o reforzo da formación en seguridade e a incorporación de aspectos básicos da intelixencia artificial.
- 3) Dar resposta ás necesidades do sector empresarial sinaladas polos membros da Comisión Externa de Apoio á titulación, que supoñan incrementar os contidos relacionados coa produción e xestión da enerxía, así como a incorporación de formación en xestión de datos.
- 4) Axustar o plan de estudos ás necesidades formativas actuais dun/ha graduado/a en enxeñaría química, algo necesario despois de 12 anos de vixencia do plan de estudos vixente publicado no DOG do 23/09/2010.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Como xa se indicou nas últimas memorias, aínda que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia, foi necesario acometer unha serie de modificacións e actualizacións no grao atendendo á realidade do seu ámbito académico, científico e profesional. Nunha primeira fase, que se implantou no curso 2020/21, introducíronse unha serie de materias optativas novas (en particular, cambiáronse un total de 13 materias optativas). Nunha segunda fase, a implantar desde o curso 2021/22, modificáronse algúns aspectos relacionados con materias obrigatorias (por exemplo, eliminouse unha materia obrigatoria cuxas competencias e contidos foron asumidos por outras materias, as prácticas externas agora van ter carácter obrigatorio e reduciuse o número de créditos do Traballo de Fin de Grao). A primeira modificación, que afectou só a optativas, foi considerada pola ACSUG como unha modificación non-substancial, sendo aprobada pola Universidade. Así, as novas optativas, que supoñen unha valiosa actualización da oferta formativa para o estudantado, foron incluídas na oferta académica para o curso 2020/21. A segunda modificación foi considerada substancial e, polo tanto, requiriu non só o visto bo por parte da Universidade senón tamén a aprobación por parte da ACSUG e o posterior proceso de modificación do título a nivel nacional. No curso 2021/22 entraron en vigor 1º, 2º e 3º curso do novo plan de estudos, finalizando a súa total

implantación no curso 2022/23.

Con respecto ao DGIM, tramitáronse tamén as correspondentes modificacións do programa de simultaneidade de estudos (derivado da modificación substancial do GREI descrita anteriormente). Adicionalmente aprobouse unha modificación do dobre grao, que entrou en vigor en Xuño de 2020, que resolvía algunhas disfuncións no deseño orixinal do dobre grao. En concreto, incorporouse a necesidade de facer dous TFGs independentes, algo requirido a nivel nacional para poder titularse por ambos graos. Por outra banda, resolvéronse algúns problemas derivados das prácticas en empresa do Grao en Matemáticas –a posibilidade de validar prácticas en empresa de Matemáticas como créditos optativos non estaba incorporada explicitamente no documento do programa de dobre grao-. Os restantes axustes que se fixeron no dobre grao estaban referidos á imputación de materias optativas en cada título en base a materias obrigatorias do outro título (dentro das que non eran validadas xa para non cursar algunha materia do título en cuestión).

As evidencias relacionadas con estas accións son:

- Modificación non substancial (en vigor no curso 2020-2021):
 - Declaración de interese de modificación non substancial do título. Aprobado en Comisión de Título o 24/1/2020 ([enlace](#))
 - Novas materias optativas incluídas no PDA do curso 2020/21 e as súas correspondentes fichas, aprobadas por Comisión de Título de 14/2/2020 ([enlace](#))
- Modificación substancial (en vigor no curso 2021-2022):
 - Declaración de interese de modificación substancial do título. Aprobado en Comisión de Título o 24/1/2020 ([enlace](#))
 - Documentación de modificación do GREI (nova memoria), memoria socioeconómica, modificación do dobre grao, documento resumo das modificacións e planificación de contidos por áreas de coñecemento. Aprobadas por Comisión de Título de 22/5/2020 ([enlace](#))

Por outra banda, no referido as accións de mellora do curso 2021/22, existen tres que inciden no deseño, revisión e mellora dos programas formativos. En particular, a acción AM-GREI-2, que se vai prolongar ao longo dos próximos cursos, tivo por obxectivo facer un seguimento do novo plan de estudos. As tarefas desta acción de mellora foron realizadas mediante a análise na comisión do título de diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento do curso. En especial, detectáronse problemas coas cargas de traballo en 3º curso. Dita información se puxo en coñecemento dos coordinadores das materias de dito curso co obxectivo de coordinarse e de realizar unha replanificación das entregas na docencia interactiva.

No novo plano de estudos do GrEI as Prácticas Externas son unha materia obrigatoria. A acción de mellora AM-GREI-4 buscou a adaptación do proceso de asignación de prácticas para asegurar que a oferta é suficiente e que todos os estudantes teñan asignado un destino. En concreto, realizáronse as seguintes accións:

- Incluír na convocatoria unha segunda fase de elección de prazas. Se na primeira fase o/a alumno/a non consegue praza, poderá optar nunha segunda fase a aquelas prazas que quedaron vacantes. Estas prazas poderán ser con ou sen proceso de selección, e tratarase cada caso individualmente entre o/a alumno/a e a empresa.
- Incluír no programa de prácticas unha segunda convocatoria, en febreiro, para que os/as alumnos/as matriculados/as en febreiro, poidan realizar a súa solicitude e pasar o proceso de selección correspondente. Isto implica para as empresas que van ter que habilitar dous períodos durante o curso para realizar entrevistas e seleccionar estudantes. O primeiro período a finais de Xaneiro, e o segundo período no mes de Maio, aproximadamente.

Finalmente, a acción AMG-GREI-5 abordou a mellora metodolóxica e de contidos no grao mediante a análise da última versión do documento IEEE/ACM Computing Curricula, publicado polas dúas sociedades científicas máis importantes a nivel mundial no ámbito da Informática (IEEE e ACM). Aínda que o documento difundíuse entre os docentes, debido a gran extensión deste e a gran cantidade de información que proporciona, non foi posible recopilar un número de propostas de mellora por parte do profesorado do GrEI que fose relevante. Deste xeito non se puido levar dita información para a súa discusión dentro da comisión de título. Dado que parte das tarefas desta acción de mellora xa viñan do curso pasado, decidiuse non dar continuidade a esta no próximo curso 2022/23.

No relativo ao transcurso do curso 2021/22, este recuperou a total presencialidade nas aulas. Aínda que houbo que seguir unha serie de normas dictadas polas autoridades sanitarias relativas o COVID19 (por exemplo, o uso de máscaras en interiores), o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspondeuse co establecido na memoria de verificación e permitiu a consecución das competencias.

No GrEI, os coordinadores de curso realizan coordinación horizontal entre materias do mesmo curso para evitar baleiros,

duplicidades e evitar períodos con sobrecarga de traballo. A coordinación vertical foi realizada pola Comisión de Título. O dobre grao, DGIM, require especial coidado na coordinación, dado que se imparte en dous centros (ETSE e Facultade de Matemáticas) e os dous coordinadores de Título en cada centro estiveron en constante comunicación para atender as necesidades do alumnado e resolver as distintas cuestións que xurden no día a día do título.

O perfil real de ingreso se corresponde maioritariamente con estudantes procedentes do bacharelato. É moi satisfactoria a tendencia á alta que se observa no indicador referente a *Nota media de acceso por preinscripción (IN06G)*: 2016-17 (10,82), 2017-18 (11,73), 2018-19 (11,88), 2019-20 (11,80), 2020-21 (12,32) e 2021-22 (12,65). Isto indica que as accións do GrEI orientadas á captación de alumnado están a funcionar (como por exemplo, a participación no Programa A Ponte co ensino non universitario, xornadas A USC Camiña, etc). Debemos destacar que a nota de corte de ingreso no GrEI foi a máis alta para estes estudos de todo o estado neste curso 2021/22.

A taxa de rendemento (*IN34G*) é boa mantendo valores similares con respecto aos observados en anos anteriores (83,47% fronte a 86,45% no curso anterior). Estes valores de rendemento son razoablemente satisfactorios para unha titulación de enxeñaría como a que se imparte no centro. A taxa de éxito tamén reflicte un bo comportamento (91,03%, diminuíndo lixeiramente dende o 92,53% do curso anterior). Os valores dos tres últimos cursos son ademais as mellores taxas da serie histórica dispoñible. A taxa de avaliación é do 91,69%, a segunda maior da serie histórica, na liña dos últimos anos. A taxa de graduación no curso 2021/22 (70,00%) incrementase notablemente despois da pronunciada baixada observada no curso pasado (41,82%). Debemos ter en conta que o valor do curso 2021/22 é o máis elevado da serie histórica se non se considera a situación excepcional do segundo cuatrimestre do curso 2019/20, que se desenvolveu de xeito telemático e houbo que tomar medidas excepcionais de avaliación, o que tivo un gran impacto nos indicadores. A duración media dos estudos (*IN38G*) é de 4,67 anos, o que supón un descenso respecto aos 4,90 anos dos datos correspondentes ao curso anterior. Os últimos datos sobre os niveis de eficiencia mantéñense na orde do 90% (90,69%), e son niveis moi satisfactorios para un título coma o noso. É particularmente positivo o descenso que se observou na taxa de abandono durante o primeiro curso nos últimos anos (pasou dun 18,18% no 2018/19 a un 13,51% no 2021/22). Debemos ter en conta que a taxa abandono RD1393/2007 situouse nun 16,67%, un dato que recupera os valores habituais da serie histórica despois de sufrir un elevado repunte no curso 2020/21, probablemente causado pola situación excepcional derivada da pandemia.

En canto ao grao de satisfacción coa titulación, a valoración global do profesorado para o curso 2021/22 sitúase nun 4,05 sobre 5. Polo tanto, o nivel de satisfacción é bo, manténdose nos últimos anos sempre en valores superiores a 4. Todas as preguntas adicionais da enquisa arrojan tamén valores satisfactorios. Por outro lado, os/as egresados/as amosaron unha satisfacción xeral adecuada coa titulación (3,32 sobre 5, *IN42G*), aínda que cun valor lixeiramente inferior aos dos cursos previos. No caso dos estudantes, non se dispón de dita información para este curso.

A ETSE realiza regularmente unha análise sobre os resultados de aprendizaxe previstos na memoria dos títulos a través dun instrumento denominado "Enquisas de adquisición de competencias". As últimas enquisas dispoñibles se corresponden precisamente ao curso 2021/22 ([enlace](#)), e foron cumprimentadas por Estudantes, Egresados, Profesores e Empregadores. Os valores cuantitativos que ponderan a adquisición de competencias revelaron valores satisfactorios ou moi satisfactorios (todos os grupos de competencias: básicas, xerais, transversais, formación básica, rama informática e tecnoloxías da información tiveron un nivel de adquisición estimado por riba de 3 nunha escala 0-5). Só houbo casos puntuais nos que a puntuación baixou do 3. En calquer caso, non houbo ningunha competencia na que os catro grupos de interese asignen un valor inferior a 3. A que peores resultados acada é a *CG_11: Capacidade de análise do impacto social e medioambiental das solucións técnicas*, na que estudantes, egresados e docentes coinciden en que dita competencia non se traballa o suficiente no grao. Esta información coincide coa carga de traballo especificada no plan de estudos do GrEI, onde esta e outras competencias relacionadas con temas medioambientais trabállanse nun número reducido de materias (por exemplo, Enxeñaría de Computadores – 4º curso do GrEI, onde no plan novo aumentouse a carga docente de 4.5 a 6 créditos ECTS). Os resultados tamén amosan a percepción de que hai certa falta de traballo en competencias relacionadas coa lexislación e normativas no ámbito da Informática. Agardamos que en próximas enquisas os resultados melloren xa que no plan novo existen materias, como é a de Seguridade da Información (3º curso do GrEI), que teñen una forte carga de traballo nestas temáticas.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

A satisfacción do profesorado coa titulación (*INF.23*) no curso 2021-22 é moi elevada, cunha valoración global de 4,74, superior en dúas décimas á do curso anterior, e en catro á do curso 2019-20; se ben cómpre ter presente que a participación foi de só un 26 %. Os valores das respostas ós diferentes ítems individuais da enquisa estiveron comprendidos no rango que vai de 4,00 (para o ítem "O alumnado acode con regularidade ás clases") a 5,00 (obtido en ata seis ítems: "A información

sobre a titulación é axeitada”, “Atención prestada polo PAS”, “O campus virtual facilita o meu labor docente”, “Os horarios existentes son axeitados”, “A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos” e “O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada”).

A satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22) no curso 2021-22, por contra, é notablemente máis baixa ca no caso dos docentes, obténdose unha valoración global de 3,58; aínda que o ítem de satisfacción xeral coa titulación acadou unha puntuación de 4,00. Hai que ter en conta que a participación do alumnado na correspondente foi de só un 12 %. En calquera caso, afondando na mesma perspectiva, a satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42M = 3,55) é semellante, aínda que mellor que a do curso anterior (3,26) e aproximándose ás dos cursos previos á pandemia da COVID-19 (valores no rango 3,64-3,83 no período 2016-19). Aínda que a significación estatística deste valor pode estar condicionada por unha baixa taxa de resposta dos egresados, co ánimo de mellorar o programa formativo a través das opinións dos egresados propónse a continuidade, e desenvolvemento efectivo, na axenda 2022-23 da seguinte acción de mellora:

- AM-MEQB-8 (2022-23): Obter retroalimentación dos egresados para a identificación de aspectos a mellorar no Máster. (Continuación da AM-MEQB-8 da axenda 2021-22.)

que xa fora proposta na axenda 2021-22, se ben non foi executada. Ademais, tendo en conta que o máster xa se vén impartindo desde hai unha década e tratando de buscar unha mellora na satisfacción de estudantes e egresados coa titulación, propónse a seguinte acción de mellora:

- AM-MEQB-9 (2022-23): Acometer a modificación substancial do título.

acolléndose á correspondente convocatoria da USC para efectuar modificacións dos seus títulos oficiais, recollendo elementos de mellora identificados tanto en base á experiencia de unha década de impartición do máster como a partir de valiosas discusións cos membros do Comité Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñaría Química da ETSE, e aproveitando de paso para efectuar adaptacións esixidas pola entrada en vigor do Real Decreto 822/2021.

Adicionalmente, en aras da mellora nas taxas de resposta neste tipo de enquisas para dotar de significación estatística clara os resultados que delas se poidas extraer, propónse tamén unha extensión da correspondente acción de mellora xa executada, pero non exitosamente, en axendas anteriores:

- AM-MEQB-3 (2022-23): Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese. (Continuación da AM-MEQB-3 da axenda 2021-22)

Os indicadores de resultados para o curso 2021-22 son de valoración dispar se se contextúan cos obtidos para os cursos anteriores. Así, a taxa de éxito (IN35M) acadou o máximo valor posible de 100 %, mentres que a taxa de graduación baixou ó 86,96 %, cando nos cinco anos precedentes sempre fora superior ó 90 %. Similarmente, a taxa de abandono (IN41M) adquiriu un valor do 4,35 %, cando levaba tres anos no 0 %. De todos modos, hai que ter en conta que o limitado número de estudantes do máster en cada cohorte, o que fai que unha oscilación de unha unidade no número de casos absolutos teña unha repercusión porcentual relativamente elevada no caso deste tipo de indicadores. Manterase a atención nos anos vindeiros para ver se as variacións nestes indicadores citados son un resultado fortuíto destas oscilacións non fraccionables, ou se realmente son parte dunha tendencia temporal clara. Por outra banda, as taxas de rendemento (IN34M = 94,46) e de avaliación (IN36M = 94,46) mantéñense razoablemente estabilizadas en valores moi elevados (sempre no rango 94-99 % nos cinco cursos precedentes). A taxa de éxito dos egresados (IN50M = 99,58) e a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53M = 99,08) consolidan a recuperación iniciada no curso 2020-21 tras o leve descenso experimentado no curso 2019-20, volvendo achegarse ó valor máximo posible destas taxas. De xeito similar, tras o aumento porcentualmente relevante que se deu no curso 2019-20 na duración media dos estudos, no curso 2021-22 este indicador (IN38M = 2,00) vén a consolidar o recobramento xa iniciado no curso 2020-21 de valores no entorno da súa evolución histórica (na banda 2,00-2,06 anos todos os cursos salvo no referido curso 2019-20).

Máster en Enxeñaría Ambiental

En canto á satisfacción do alumnado coa titulación ao igual que o ano pasado, de novo constatouse unha apreciable baixada na participación (do 18,60% ao 10,53%) o cal é un dato preocupante, xa que non era normal nesta titulación. Así, deseñouse unha acción de mellora específica para o presente curso 2022-23 con este fin. En canto as valoracións de satisfacción, todas son moi altas, por enriba de 4, destacando especialmente a subida na satisfacción no relativo a oferta e xestión de TFM e na oferta de prácticas, apartados estes que en anos anteriores estiveran por debaixo de 3. Na banda máis alta (por enriba de 4,5) destacan as infraestructuras do centro, o campus virtual, os horarios e o equilibrio da titulación entre os seus contidos teóricos e prácticos. Tamén destaca a valoración recibida no tocante á orientación profesional e laboral recibida

no centro. Mellora a valoración dos horarios tanto de clases coma de exames, así coma a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos.

A satisfacción do profesorado coa titulación mantívose nos valores acadados en cursos anteriores que xa eran moi altos (4,3-4,6) acadando neste pasado 2021-22 un valor de 4,64 na satisfacción xeral coa titulación, moi semellante ó do curso anterior (4,56), con unha boa porcentaxe de participación (40,74%).

Apoio á docencia. Valores moi altos en tódolos ítems, destacando a valoración otorgada á atención prestada polo PAS (4,60) o equipamento das aulas (4,73), así como a información recibida sobre a titulación (4,64).

Aspectos académicos. Destacan especialmente o equilibrio da titulación entre os seus contidos teóricos e prácticos (4,50), a distribución da carga de traballo (4,18) así como o calendario de probas de avaliación (4,64) e a formación en competencias profesionais (4,50). Tamén a confección de horarios (4,45) e a coordinación entre profesores está moi ben valorada (4,45).

Papel do alumnado. De novo valores moi altos (na banda 4,07-4,64) en tódolos ítems, todos eles por enriba da media dos Máster da USC. O profesorado considera que o alumnado cumpre axeitadamente coa planificación académica (4,18), que acude con regularidade ás clases (4,45), que o alumnado está implicado e satisfeito coa titulación (4,3 e 4.4, respectivamente).

Ainda que en xeral a visión da titulación é positiva tanto polo alumnado coma polo PDI (neste caso moi positiva), pódese ver que hai unha diferenza entre ambas visións no relativo ós horarios e ás cargas docentes. Os horarios, que tal e como se explica dende o primeiro día pretenden ser flexibles para que sexan atractivos para o profesorado máis implicado en I+D+i (e que poida compaxinalo coas súas outras obrigas docentes en Graos), as veces non son comprendidos por parte do alumnado, que preferiría un esquema máis convencional. Esta situación é unha constante detectada no Máster dende fai anos. Nembargantes, nos datos recollidos pódese ver que ó longo deste curso hai un maior punto de encontro entre ambos colectivos.

Os principais indicadores do MEnA arrojan datos moi positivos. A destacar: taxa de rendemento (>95%), taxa de éxito (>99%), taxa de avaliación (>95%) e taxa de graduación (>90%), con unha taxa de abandono do 0%.

Ainda que durante o proceso de preinscripción detectase un número moi alto de interesados, logo o número baixa, por razóns diversas, especialmente no caso de estudantes extranxeiros. O número real no curso 2021-22 foi de 18 alumnos/as, aparte dos que proviñan de convenios como Erasmus+. A grande maioría do alumnado (70%) proviña de titulacións previas de Grao. A nota media de acceso foi similar a anos anteriores, en torno a 7 (7,10 neste curso 2021-22). A porcentaxe de estranxeiros aumentou foi neste caso reducida (5,6%). Destacar que o 34% do alumnado proviña de universidades non galegas (Madrid, País Vasco, Extremadura, Illas Baleares, Brasil).

Unha das fortalezas desta titulación é a súa capacidade de atracción de graduados/licenciados de outras universidades. Así, a porcentaxe de matriculados que son graduados da USC seguese a manter en valores baixos (33,3% no curso 2021-22).

Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

O número de prazas ofertadas incrementouse ata 20 pola modificación do plan de estudos. Así na Universidade de Santiago de Compostela matriculáronse 20 alumnos/as de novo ingreso (o máximo admisible), mentres que o número total dematriculados foi de 26. Dos 20 matriculados en Santiago, os 20 son de matrícula de novo ingreso por preinscición (o máximoadmisible).

Por outra banda, a nota media de acceso foi de 6,97 puntos, lixeiramente inferior á do curso previo, aínda que hai que ter en conta que o número de prazas ofertadas aumentou nun 50%. Ademais, o 100% dos estudantes que accederon á titulación tiñan unha puntuación igual o superior a 6 puntos. As accións de mellora levadas a cabo para a captación de estudantes de fora do EEES xurdiron efecto, alcanzándose a cifra máis alta de matrícula de estudantes estranxeiros na historia do Máster (15,38%). Por contra, reduciuse a porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia, cun 3,85%. A porcentaxe do alumnado que son titulados da USC mantívose en cifras próximas ao ano anterior (42,31%) xa que o Máster segue a captar moito alumnado doutras universidades galegas.

Neste curso académico conseguíuse acadar unha porcentaxe relevante de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación (33,33%). A valoración global media foi de 3,84 puntos. A participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa titulación foi de só un 10%, acadando una valoración global de 3,53. Finalmente, a satisfacción dos egresados coa titulación foi de 3,55 puntos, 3 décimas superior ao curso anterior.

Produciuse un lixeiro aumento da taxa de rendemento do Máster por terceiro ano consecutivo, acadando o 82,0%, mentres que a taxa de éxito acadou valores moi altos (97,81%), superior tamén á de anos previos. Así mesmo, a taxa de avaliación

augmentou tamén, ata acadar valores do 83,83%. Por outra banda, a taxa de graduación experimentou un ascenso moi significativo, ata o 84,62%, e a duración media dos estudos diminuíu de forma considerable ata os 1.26 anos. Finalmente, a taxa de abandono do Máster mellorou lixeiramente, ata o 15,38%, aínda que debido ao número de prazas de entrada (20) este número é baixo.

Nesta directriz leváronse a cabo dúas accións de mellora (AM-MTAD-2, AM-MTAD-4). A primeira delas (AM-MTAD-2) xurdiu pola demanda crecente por parte do alumnado de incluír contidos de aprendizaxe profunda (Deep Learning) no Máster. Nos últimos cursos académicos xa se desenvolveron varias accións nesta liña, impartindo seminarios en diferentes materias. Neste curso o obxectivo foi impartir contidos de aprendizaxe profunda na materia de Minería de Datos.

A segunda acción de mellora (AM-MTAD-4) veu motivada polo aumento de alumnado no Máster, e ao maior número de propostas de Traballos de Fin de Máster (TFMs) por parte das empresas, o que esixiu que procedemento de asignación de TFM ao alumnado deba ser actualizado para que sexa máis áxil e sinxelo. Para isto estableceuse o seguinte procedemento para a asignación de TFMs: (1) solicitar ao alumnado unha lista priorizada de 3 TFMs mediante un formulario web; (2) comunicar a lista de alumnos/as naqueles TFMs que teñan entrevista ou outro criterio de selección; (3) emparellar alumnado/TFMs coas listas priorizadas ou por puntuación de acceso ao Máster se non hai lista.

Leváronse a cabo dúas reunións de coordinación nas que participaron os coordinadores do Máster na USC en na Universidad de Murcia (UM). A primeira delas foi o 17 de febreiro, e nela se analizaron os resultados do primeiro cuatrimestre e a matrícula no Máster. Na segunda (12 de xullo) se presentaron os resultados do segundo cuatrimestre e se verificaron as guías docentes das materias nas dúas universidades.

Máster en Computación de Altas Prestacións

No curso 2015/16 deixouse de impartir a edición antiga deste máster por non acadar o número de alumnos/as requirido. Traballouse no deseño do programa formativo para facelo mais atractivo e flexible co fin de captar mais estudantes. No referido aos contidos, redeseñouse a selección de materias e introducíronse as prácticas profesionais como obrigatorias. Ademais, estableceuse un convenio de dobre título cunha escola de enxeñaría francesa, Cergy París Université, (anteriormente EISTI) en Cergy-Pontoise. Establecéronse dúas modalidades, presencial e a distancia.

O curso 2021/22 foi o cuarto curso da nova edición. En setembro de 2022 obtivo a mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia outorgada pola Xunta de Galicia. Propúxose unha acción de mellora (AM-MHPC-1 Curso 2022/2023) para actualizar os contidos oficiais mostrando este recoñecemento actualizando a páxina web oficial e a wiki do máster.

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación mellorou 0,29 puntos subindo ata os 3,55 puntos. Non hai información sobre a satisfacción do profesorado nin do alumnado con la titulación para o curso 2021-2022.

Os indicadores globais de resultados indican unha taxa de rendemento do 71,52% cunha taxa de éxito do 87,80%. Isto supón un incremento do rendemento do 25% respecto ao curso anterior mantendo unha taxa de éxito similar. A taxa de avaliación foi do 81,46% e tamén mellorou respecto ao curso pasado un 21,7%. No curso 2021/22 a taxa de graduación foi do 83,33%.

No relativo ao transcurso do curso 2021/22, impartíuse a memoria do grao en vigor que inclúe a modificación das titulacións que dan acceso ao máster e a acreditación do nivel de inglés seguindo a acción de mellora AM-1 (Curso 2020-2021). A oferta de módulos e materias e o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspondeuse co establecido na memoria de verificación e permitiu a consecución das competencias. A Comisión do Título e os Departamentos implicados revisaron a adecuación das guías docentes de todas as materias, seguindo as [directrices establecidas pola Comisión de Calidade da Escola](#).

A materia de HPC na Nube atópase fóra do convenio de dobre título coa Cergy Université francesa e foi impartida en castelán seguindo a acción de mellora AM-2 (Curso 2020-2021). Así mesmo as clases expositivas e de laboratorio da materia de Arquitecturas de Altas Prestacións impartíuse integramente en inglés seguindo a AM-3 (Curso 2020-2021) visto que o nivel de comprensión oral de castelán do alumnado francés non era o óptimo para seguir as materias.

A coordinación xeral foi realizada polos coordinadores do máster. Os aspectos relativos ao dobre título, requiren a disposición do coordinador da opción da enxeñaría da Cergy París Université. Os dous coordinadores do máster en cada universidade estiveron en constante comunicación para atender as necesidades do alumnado e resolver as distintas cuestións que xorden no día a día do título, tendo en conta que moitas veces os calendarios das dúas universidades non coinciden.

As labores de coordinación levadas a cabo entre as dúas universidades (USC e UdC) recollen principalmente a preparación dos horarios en marzo, a revisión das guías docentes que se aproban antes, no mes de maio, na Universidade de Santiago,

a xestión dos TFM, centralizados polo coordinador da Universidade da Coruña, así como a constitución dos tribunais para as defensas dos mesmos. Estes tribunais están sempre compostos por profesorado das dúas sedes. As actas tamén precisan unha coordinación naquelas asignaturas que non teñen coordinador/a na Universidade de Santiago. A principal vía de comunicación para a coordinación é o correo electrónico. Ademais, no curso 2021/2022 houbo unha comunicación máis intensa para presentar o máster á convocatoria da mención de másters de excelencia da Xunta de Galicia, concedida o 15 de setembro do 2022.

Máster en Visión por Computador

No curso 2021-22 no Máster en Visión por Computador implantamos como acción de mellora a “AM-MCV-2: Elaboración e envío dunha enquisa ao alumnado ao final de cada cuatrimestre”. A idea desta acción é documentar tanto a carga media de traballo percibida polo estudantado ao longo de cada cuatrimestre así como a súa opinión sobre o desenvolvemento da docencia en cada unha das materias, e aspectos de coordinación dentro da propia materia e entre o resto de materias. Os resultados individuais destas enquisas foron compartidos co profesorado de cada materia, e tamén se realizou un informe para o conxunto das materias de cada cuatrimestre, que foron compartidos con todo o profesorado e que se aprobaron en senllas reunións da Comisión Académica Interuniversitaria, tal e como consta na documentación axunta ás correspondentes actas.

Tamén se implantou a acción de mellora a “AM-MCV-3: Envío de enquisa para alumnado de nova incorporación ao comezo de curso”. A enquisa trata de recoller información sobre a formación de base do alumnado de nova incorporación, as expectativas de formación que o levaron a matricularse nun mestrado deste tipo, as razóns para matricularse neste mestrado en particular, e o coñecemento previo sobre o mesmo. A información recabada foi empregada para a proposta de accións de mellora de cara ao seguinte curso, segundo acordado tras a aprobación do correspondente informe nunha reunión ordinaria da Comisión Académica Interuniversitaria

Por outra banda, durante o curso 2021/22 creouse un grupo de TEAMS “Teachers’ Forum” onde se comparten as guías docentes de todas as materias, así como contidos específicos impartidos durante o curso, con todo o profesorado do mestrado. Dende a Comisión Académica Interuniversitaria completouse unha revisión xeral dos contidos impartidos vendo a súa coherencia coa programación docente das materias, e analizando os casos de solape de contidos. O informe elaborado foi compartido co profesorado con suxestións para mellora de coordinación.

En xeral, a excepción dalgúñas materias de carácter optativo, a docencia das materias compártese entre profesores de dúas universidades. O obxectivo é dobre, por unha parte encargar a docencia ao profesorado máis axeitado para cada contido, e por outra fomentar/favorecer a coordinación interuniversitaria. Con esta dinámica pretendese enriquecer o deseño das planificacións metodolóxicas e compartir casos de éxito.

Por outra banda, dende a CAM Interuniversitaria fíxose unha revisión exhaustiva das programacións docentes en xeral, e con especial énfase naquelas materias nas que de acordo coa información recollida das enquisas realizadas a estudantes a finais de cada semestre, se evidenciaron certos desaxustes. Como conclusión desta análise contatouse que en xeral xa se daba unha comunicación fluída entre profesorado de materias con maiores dependencias, e nos casos onde había desaxustes, estes debíanse máis ben a repetición de contidos. Todos os caos detectados foron comunicados aos coordinadores das materias involucradas e procedeu á súa corrección.

En canto ás Prácticas Externas e os TFM, o mestrado dispón de dous regulamentos interuniversitarios propios que se axustan aos regulamentos xerais das catro universidades. Os aspectos académicos están coordinados a nivel interuniversitario, pero como a nivel administrativo hai certas diferenzas, as convocatorias das ofertas de prazas /temáticas e a resolución das mesmas xestionouse a nivel local.

A taxa de éxito foi do 85,5% a taxa de rendemento foi 92,6%, e a taxa de avaliación foi do 92,8% . Só os estudantes que compaxinan estudos con traballo se enfrontan a certas dificultades.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

Os procesos do SGC da ETSE directamente relacionados con esta directriz son os cinco procesos clave: *PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación*, *PC-02 Planificación das ensinanzas*, *PC-03 Apoio a estudantes*, *PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas* e *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*.

A USC conta con normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Adicionalmente a ETSE desenvolve normativa propia relacionada coa organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e que desenvolve ou concreta as normas xerais da USC que poden atoparse en <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/arquivo>.

As Comisións de título e a Comisión de Calidade do centro analizan cada ano os resultados relativos aos procesos de aprendizaxe, ensinanza e avaliación que se terán en conta para o establecemento de accións de mellora.

En particular, para a avaliación da aprendizaxe, desde a dirección da ETSE realízase periódicamente unha enquisa de adquisición de competencias a diferentes grupos de interese (alumnado de último curso, egresados, profesorado e empregadores) e cada cuatrimestre nos títulos de Grao unha enquisa de carga de traballo a profesorado e alumnado para avaliar se materias están a desenvolverse, en termos de tempo de traballo dos estudantes, de acordo ao planificado nas respectivas memorias de titulación. Os resultados das enquisas e analizado polas Comisións de título e informados na Comisión de calidade.

É importante resaltar que no curso 2021-22 a docencia seguiu parcialmente afectada polas restricións de seguridade impostas pola COVID-19 debido as limitacións impostas polo aforo das aulas no primeiro cuatrimestre. Mentres que a docencia dos máster puido ser totalmente presencial por tratarse de grupos reducidos, non así en todos os curso de grao. Mantívose a presencialidade nas clases interactivas de seminario e laboratorio pero non na docencia expositiva. Con todo, a programación docente das materias incorporaba un plan de continxencia no que se presentaban alternativas para a docencia e a avaliación para todos os escenarios que puideran presentarse normalidade adaptada (Esc. 1), distanciamento (Esc. 2) e peche das instalacións (Esc. 3). Por outra banda, grazas ao equipamento das aulas para a docencia telemática previamente realizado foi posible impartir docencia ao alumnado confinado.

No curso 21-22 desenvolveuse a nivel de centro unha acción de mellora asociada a esta directriz, a AM-ETSE-6: Apoio á incorporación do alumnado de mobilidade entrante, e precisamente detectouse que o indicador de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C) presentou un descenso considerable con respecto aos curso anteriores. Así que esperamos que a acción de mellora desenvolva permita resolver os problemas detectados á vista do informe correspondente (INF. 05 Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de

mobilidade). Hai que destacar que a tasa de resposta foi moi baixa (19,05%) con todo procede a súa análise nos vindeiros cursos.

A continuación, preséntase un resumo do desenvolvemento dos títulos que se imparten na ETSE durante o curso 2021-22 en relación a esta directriz.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

Os docentes do grao participan regularmente no programa A Ponte de xeito que visitan diferentes centros de ensinanza secundaria e dan charlas relacionadas coa enxeñaría química para presentar esta titulación. Xunto coas outras titulacións do centro o GrEQ recibe a alumnos/as de bacharelato nos Encontros na USC, visitas organizadas polo programa A Ponte para que vexan as instalacións do centro e saiban o que é a Enxeñaría Química. Tamén participábase nos [Encontros Virtuais na Zona USC](#) para que aquel alumnado que non pode visitar o centro poida ser informado da titulación.

Ao longo do curso 2013-2014 realizáronse os trámites necesarios na USC que culminaron na aprobación polo Consello de Goberno (27/07/14) e o Consello Social (30/06/14) da USC da modificación do título para definir un curso ponte ou de adaptación de 60 ECTS. No curso 2021-22, 2 alumnos/as matriculáronse no curso ponte ambos galegos.

En canto ao alumnado de novo ingreso o 64 % ingresa por preinscripción, cunha nota media de 11,49 (este valor ven aumentando nos últimos 3 cursos e sempre se atopa sobre 10. Este é un indicador da demanda actual que ten o título. Entre o estudantado matriculado so un 0,73 % é estranxeiro e un 1,82 de fora de Galicia o que indica a importancia desta titulación para a formación de enxeñeiros/as na comunidade autónoma.

A porcentaxe de alumnos/as enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados é moi baixa (IN17G) debido a que a preferencia en canto a idioma é o inglés e a nivel de grao non hai moita oferta de intercambios. A isto se lle une o feito de que normalmente o alumnado elixe cursos superiores (3º e 4º) para moverse a outra universidade pero non é posible para eles realizar un TFG cumprindo os requisitos da USC noutro país pois estes traballos teñen modelos diferentes.

A mobilidade entrante (IN18G) é superior, aínda que no ano 2020-2021 é de 2,91 %, superior á do curso 2020-2021 de 1,45 % aínda que inferior ó 4,26 % conseguido no curso 2019-2020. Esperábase que esta porcentaxe se recupere nos vindeiros anos.

A metodoloxía docente e de avaliación modifícase para dar resposta ás necesidades especiais dalgúns alumnos/as. Estas modificacións acordáanse co/s docente/s da/s materia/s nas que o/a alumno/a está matriculado e son aprobadas pola comisión do título, o Departamento e a ETSE.

Practicamente a totalidade do alumnado realiza prácticas externas (IN22G), o 100 % do alumnado no curso 2021-2022. A relación do grao co sector empresarial é moi forte e isto maniféstase no gran número de convenios para realización de prácticas en empresa dispoñible. Ademáis, durante todos os estudos expónse aos/ás alumnos/as ao ambiente empresarial mediante a realización de visitas técnicas e charlas impartidas por persoal de empresas. Isto fai que os estudantes teñan unha idea moi clara da importancia do sector empresarial tanto para a súa formación como de cara ao seu futuro laboral.

		2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020	2020-2021
IN22G	%	87,72	96,49	92,11	100,00	96,00	95,83	100

A comisión do TFG é a responsable da asignación dos TFG. A supervisión corre a cargo do titor cuxas funcións están descritas no Regulamento de TFG. A avaliación está definida segundo este Regulamento tamén. Emprégase unha rúbrica para este fin.

Na avaliación de indicadores por materias cabe destacar que no caso da taxa de éxito o seu valor promedio por curso aumenta dende o 78% aproximadamente no primeiro e segundo curso ata o 83% en terceiro e o 97% en cuarto. Este indicador é superior ao fixado na memoria do título para o 48 % das materias pertencentes case todas aos cursos terceiro e cuarto. Isto resalta grandemente a madurez que van adquirindo os estudantes que lles permite afrontar moito mellor os contidos das materia a medida que avanza o título.

En canto á taxa de rendemento o 74% das materia superan o valor indicado na memoria estando as materias que non chegan a ese valor distribuídas fundamentalmente nos cursos 1º, 2º e 3º. A medida que avanza a docencia do grao é máis factible para os estudantes superar as materias das que están matriculados. Só dúas materias teñen un valor deste indicador por debaixo do 50%. Unha destas materia é o traballo fin de grao para que nalgúns casos os alumnos precisan facer uso de prórrogas de xeito que a defensa do mesmo non se fai no primeiro ano que se matricularon.

A taxa de avaliación superou o 85% no 83% das materias indicando que os estudantes preséntanse aos exames de xeito

maioritario. Non se observan diferencias entre os diferentes cursos do grao.

Polo que se refire ás cualificacións estas distribúense normalmente entre todas as valoracións posibles estando o grupo maioritario de notas na maior parte das materias entre o aprobado e o notable e en menor medida o sobresáinte. En xeral asígnanse as matrículas de honra en tódalas materias.

A duración media dos estudos (IN38G) acadou un valor lixeiramente superior a 4,6 (definido pola Comisión do título) que corresponde ao 15% de aumento indicado no deseño do título e atópase en 4,63 anos. Este indicador diminuíu progresivamente dende o valor de 5,05 acadado no curso 2019-2020. O valor deste curso está por debaixo das medias da Área (5,73 anos) e da USC (5,01 anos).

A taxa de abandono en primeiro curso (IN40G) é do 19,7 %, e a taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G) é 18,64, inferior á media da Área (37,38 %) pero inferior á da USC (23,40 %).

A satisfacción do alumnado coas prácticas externas (IN19G) reflíctese nas súas valoracións a través das enquisas que realizan. No curso 2021-2022 o valor foi de 4,67 sobre 5,0 puntos. Este valor é normalmente superior a 4,0 puntos o que indica que a súa utilidade é ben recoñecida polos estudantes. No caso dos titores de empresa tampoco hai datos do indicador. Aínda así cabe destacar que un dos aspectos máis valorados polos titores en relación ás prácticas externas (IN20G) é a súa colaboración na formación do estudante. Cabe engadir que sobre un 60 % dos titores de empresa indican que contratarían ao estudante.

En xeral a satisfacción do alumnado neste curso académico coa docencia recibida que acadou un valor de 3,85 puntos para o GrEQ (IN46G) que está lixeiramente por debaixo da media da Área de Enxeñaría e Arquitectura de 3,95 e da USC de 4,06. Cómpre ter en conta que a porcentaxe de participación nas enquisas diminuíu significativamente ata o 19,22 % neste último curso, e que esta porcentaxe soía estar cerca do 50% perto da media da USC. A realización das enquisas de xeito telemático e número de preguntas e enquisas a cubrir dificulta acadar altas porcentaxes de participación polo que neste curso propúxose unha acción de mellora para avaliar e por en práctica accións para mellorar a taxa de resposta do alumnado ás enquisas (AM- GrEQ-3). En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida esta foi avaliada cun 4,13, superior á valoración do curso 2020/21 que foi de 3,99. O valor deste indicador ven oscilando entre 3,7 e 4,13 nos últimos 5 cursos. Un valor por riba de catro e moi positivo o que indica tamén un elevado grao de interese do profesorado pola titulación.

Neste ámbito desenvolvéronse as seguintes accións de mellora no curso 2021-22.

- AM-GrEQ-1: Elaboración de informes de prácticas de laboratorio
- AM-GrEQ-3: Mellorar a taxa de resposta ás enquisas
- AM-GrEQ-4: Promover o contacto coas empresas e visibilizar o seu papel no GrEQ
- AM-GrEQ-5: Incluir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) nas materias do grao
- AM-GrEQ-6: Informe específico egresados
- AM-GrEQ-8: Inclusión do Matlab nas materias do grao (non realizada dado que se tiña planeada unha proposta de modificación profunda do plan de estudos do grao para o curso 2022-2023)

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

A oferta de prazas no curso 2021/22 mantívose estable con respecto a do curso anterior (66), o número de estudantes matriculados no título (330) reflicte tamén unha estabilidade respecto aos cursos anteriores (319 e 321 nos dous cursos previos). En referencia á matrícula de acceso (indicador IN03G), non se observan cambios significativos con respecto a cursos anteriores na procedencia das matrículas (non hai adaptacións desde plans en extinción, poucos procedentes de formación profesional – tres alumnos/as – e a gran maioría procede das probas de acceso á universidade). Houbo 9 estudantes que proceden de traslado de expedientes.

A captación de alumnado é moi satisfactoria posto que o 100% do alumnado accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (ING07G). A porcentaxe de estudantes estranxeiros/as sobre matriculados (IN08G) (2015/16: 0,60%, 2016/17: 0,94%, 2017/18: 1,23%, 2018/19: 1,27%, 2019/20: 1,25%, 2020/21: 1,57% e 2021/22: 0,91%) é aínda moi baixo e, polo tanto, convén mellorar neste eido. Tamén os/as estudantes procedentes de fóra de Galicia son unha porción moi baixa (0,61% do total do estudantado), aínda que é o mellor dato da serie histórica. A porcentaxe de estudantes matriculados/as que escolleron o título coma primeira opción é moi alto (77,27%), cun leve repunte con respecto ao curso previo (74,24%). Esta alta taxa reflicte tamén unha boa captación de alumnado para o grao e dobre grao. A taxa de ocupación, 109,09% (IN12G), na liña dos últimos anos, amosa tamén unha excelente cobertura das prazas ofertadas para o título.

En canto as accións do GrEI orientadas á captación de alumnado, podemos destacar a activa participación nas iniciativas levadas a cabo dentro do Programa A Ponte co ensino non universitario da USC. Entre outras iniciativas, o coordinador do título, docentes do grao ademais de estudantes dos últimos cursos, participan nas visitas que realizan estudantes da bacharelato de toda Galicia á ETSE, tamén estando presente nos encontros virtuais con estudantes que non puideron asistir presencialmente, así como realizando charlas temáticas en diferentes institutos da xeografía galega. O éxito destas iniciativas queda patente na elevada demanda que ten o GrEI da USC.

Este ano o indicador de satisfacción dos/das estudantes saíntes cos programas de mobilidade reflicte, sen ter en conta a situación excepcional do curso 2019/20, unha tendencia crecente no histórico de datos dispoñibles (no 2018/19 a valoración xeral foi de 4,24 sobre 5 e no 2021/22 do 4,50). Aínda que a situación actual non é a ideal, isto nos anima a incrementar a oferta de destinos de mobilidade e continuar promovendo a participación do estudantado neste tipo de programas. En concreto, no curso 2021/22 propúxose a acción de mellora AM-GREI-1 na que se buscou potenciar a oferta de destinos de mobilidade aumentando o número de acordos con universidades que requiran o coñecemento da lingua inglesa. Deste xeito, o número de estudantes con posibilidades de participar nos programas de mobilidade se incrementaría de xeito notable ao ser o inglés a lingua estranxeira na que os nosos estudantes posúen un maior número de certificacións. Esta acción terá continuidade no curso 2022/23. Por outro lado, o estudantado que fai mobilidade a percibe moi favorablemente (4,5 sobre 5 no curso 2021/22).

A recepción de estudantes procedentes doutras institucións foi dun 1,52% (IN18G), mellorando con respecto ás porcentaxes do curso anterior (0,31%). Sen embargo, aínda non se recuperaron os valores do cursos pre-pandemia.

En canto as prácticas externas, o indicador reflicte unha moi boa percepción por parte dos estudantes (4,67 sobre 5 no curso 2021/22), o que indica que a actual configuración de empresas e institucións nas que o estudantado realiza as prácticas é moi solvente. Os titores profesionais (IN20G) amosáronse tamén moi satisfeitos con estas prácticas (4,43 sobre 5) e os titores académicos (IN21G) mostran tamén unha valoración positiva coas prácticas externas (4,3 sobre 5). A participación do estudantado no programa de prácticas é moi alta (90,16% no curso 2020/21), na liña dos últimos anos. O programa de prácticas externas do GREI e DGIM está a funcionar moi ben e isto foi un dos elementos que motivou o cambio proposto no que a modificación do GREI incorpora as prácticas externas como obrigatorias (porase en marcha de xeito efectivo no curso 2022/23 coa implantación de 4º curso do plan novo).

Se analizamos as taxas por materias podemos observar que estas se atopan en valores desexables. En primeiro lugar, a taxa de avaliación das materias é elevada, superándose claramente o 90% na maioría de materias. O curso 2021/22 coexistiron o plan vello e o novo, de xeito que non houbo estudantes do plan novo que presentasen o TFG. No caso desa materia para o plan vello (G4011426), sí se observa un valor na taxa de avaliación máis reducido (63,54%). Esta situación está moi relacionada coa cantidade de estudantes que comezan a traballar antes de finalizar o grao. O itinerario tipo dun estudante do GrEI no último curso é o de realizar as prácticas nunha empresa e que, unha vez finalizadas, xa lle oferten continuar alí traballando. Deste xeito, hai moitos estudantes que pospoñen a presentación do seu TFG ao ter que compaxinar este co seu traballo. Por outro lado, a taxa de rendemento das materias é adecuada, cun par de materias con valores algo por debaixo do 70%. A análise destas materias tratouse na comisión de título e dado o historial de cursos previos, chegouse a conclusión de que é algo illado. A taxa de éxito das materias tamén é correcta, con valores normalmente claramente superiores o 90% (moitas materias chegan ao 100%).

A satisfacción global do alumnado coa docencia recibida mantense en valores altos (4,02 sobre 5), particularmente se os comparamos cos obtidos noutras titulacións da universidade. A percepción do profesorado sobre a docencia impartida mellorou aínda máis (pasou a un 4,42 sobre 5, fronte a un 4,18 e 4,29 dos cursos anteriores). Por outro lado, é necesario mellorar as taxas de resposta a este tipo de enquisas, aínda que xa superan claramente o limiar do 50% (60,24% no último ano). As taxas de éxito e eficiencia dos/das egresados/as son altas (94,4% e 90,69% respectivamente).

Para os traballos de fin de grao, en maio de 2020 ([enlace](#)), aprobouse en comisión de título unha modificación do regulamento que, entre outras cuestións, modifica o tipo de memorias a entregar, e moderniza a forma de entrega de documentación. Ademais, na comisión do título do 5 de xullo de 2021 ([enlace](#)) aprobáronse as rúbricas para a avaliación de TFGs e o calendario para a súa implantación no curso 2021/22, tal e como constaba nas accións de mellora do título para o curso 2020/21. Deste xeito, as rúbricas foron usadas en todas as convocatorias de defensa de TFGs do curso 2021/22.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

A matrícula de novo ingreso (IN04M = 04), ou equivalentemente a matrícula de acceso (IN03M = 20) mantivo un valor na liña dos anos anteriores, con excepción do curso 2018-19; de xeito que se confirma que a baixada acusada que se

experimentou nos citados indicadores nese curso era de carácter puntual. A taxa de ocupación (IN12M = 66.67) tamén se sitúa nun valor practicamente idéntico ó promedio deste indicador nos cinco cursos anteriores (67.33). A nota media de acceso (IN06M = 6,79) si que é un pouco máis baixa có correspondente promedio deses cinco cursos anteriores: 6,98; pero mantense dentro da banda de variabilidade esperable. En calquera caso, a porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07M = 100) volveu ser do 100 %, en liña co acontecido nos últimos cursos (coa única excepción do curso 2019-20).

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M = 24,44) continuou, e acentuou, a súa tendencia crecente, en boa parte debido ó maior asentamento dos convenios de dobre título con dúas universidades chilenas, en particular no sentido de recibir estudantes orixinarios destas universidades na USC. O incremento de estudantado estranxeiro conseguiuase sen particular menoscabo da porcentaxe de estudantes estatais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09M = 20,00), que se mantén estabilizada na franxa 16-23 % ó longo de toda a serie histórica do Máster; polo que se pode entender que as accións de visibilización do título e captación de alumnado fóra de Galicia continúan a ser efectivas.

No mes de decembro lévase a cabo unha charla divulgativa do máster entre o alumnado de 4º curso do Grao en Enxeñaría Química da USC. A finais de curso faise difusión adicional a través da aula de coordinación deste curso. No inverno (antes de que se abran os prazos de matrícula anticipada para estudantes con titulacións de acceso non pertencentes ó Espazo Europeo de Educación Superior) participase nunha actividade en liña promovida polo Servizo de Captación Internacional da USC, con clara orientación a potencial alumnado de Iberoamérica. Para incentivar as candidaturas de mobilidade entrante ó abeiro dos convenios de dobre título que o máster ten vixentes con titulacións de máster integrado de dúas universidades chilenas (Universidad de Concepción e Pontificia Universidad Católica de Valparaíso), na primavera acostuman organizarse videoconferencias de promoción do máster entre o potencial alumnado candidato nas respectivas universidades. Pasivamente, a páxina web da USC, na súa sección de Estudos, contén ampla e detallada información sobre o máster.

As taxas de rendemento, éxito e avaliación son todas elas do 100 % (o máximo valor posible) para a inmensa maioría das materias do máster, nomeadamente as que integran os módulos 1 a 4. A única excepción a ese pleno de valores máximos das tres taxas mencionadas corresponde ás materias “Prácticas en empresa” e “Traballo fin de máster” (TFM). Para as prácticas, a taxa de éxito é do 100 %, pero as taxas de rendemento e avaliación sitúanse no 95 %. Tendo en conta o universo de alumnado matriculado, a non consecución do 100 % nestas últimas taxas pode estar ligado a un único caso (1 estudante). No que respecta ó TFM, coa taxa de éxito igualmente no 100 %, as taxas de rendemento e avaliación sitúanse no 80 %. Estes valores están relacionados coa non presentación do traballo, por parte de alumnado matriculado na materia, en ningunha das tres convocatorias do curso académico. En boa medida, estes casos corresponden con alumnado que se incorpora ó mercado laboral antes de finalizar o traballo, tendo dificultades posteriormente para atopar o tempo preciso para concluílo e defendelo dentro do curso académico. Para tratar de elevar ese valor do 80 % nas taxas de rendemento e avaliación, unha medida que se tomará será a de anticipar a convocatoria inicial de propostas abertas de TFM promovidas por profesorado do Departamento de Enxeñaría Química, de maneira que estas propostas poidan ser asignadas nun momento máis temperán do curso e así o alumnado teña máis tempo para desenvolver as tarefas asociadas co seu TFM. Os graos de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13, IN46M = 4,03) e do profesorado coa docencia impartida (IN47M = 4,28) repuntan favorablemente desde o curso anterior, consolidando unha razoable estabilidade temporal en valores aceptablemente elevados. A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48M = 39,19) é moito máis baixa que a xa de por si modesta taxa que se viña obtendo nos anos anteriores, e ten que ser mellorada sen ningún tipo de dúbida. Esta é unha tónica xeral nas enquisas para os grupos de interese, tanto aquelas xestionadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC como aquelas internas para o título a nivel de centro. Por iso, decidiuse darlle continuidade á acción de mellora AM-MEQB-3 da axenda 2021-22, “Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese”, agora con ese mesmo código AM-MEQB-3 na axenda 2022-23.

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42M = 3,55), aínda que algo mellor có do curso anterior, mantense en niveis claramente mellorables, se ben é un valor que pode estar condicionado por unha taxa moi baixa de resposta á enquisa. O grao de satisfacción deste grupo de interese pode verse mellorado a través dun maior coñecemento do seu perfil. Dado que a ACSUG indicou que non vai facer máis estudos de análise dos perfís dos egresados dos másters, non se lle dá continuidade na axenda 2022-23 á acción de mellora AM-MEQB-2 da axenda 2021-22, “Obter información de seguimento dos egresados por parte da ACSUG”; e buscarase ese maior coñecemento do perfil do egresado do máster na axenda 2022-23 a través da acción de mellora AM-MEQB-8, “Obter retroalimentación dos egresados para a identificación

de aspectos a mellorar no Máster”.

Tamén se decidiu trasladar á axenda 2022-23 unha serie de accións de mellora da axenda 2021-22 que non foron executadas ou que se executaron pero de maneira non suficientemente exitosa, e que están orientadas a unha mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado e da avaliación desta aprendizaxe. Son as seguintes:

AM-MEQB-4: “Difundir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas a través das materias do MEQB” (continuación da AM-MEQB-4 da axenda 2021/22), que se alia con unha das accións estratéxicas contempladas dentro do obxectivo estratéxico 6.3 (Aplicar os principios da economía circular) do Acordo de prórroga do plan estratéxico da ETSE 2020-22.

- AM-MEQB-5: “Analizar o grao de adecuación das actividades desenvolvidas nas prácticas en empresas ó perfil do estudiantado do Máster” (continuación da AM-MEQB-5 da axenda 2021/22), unha vez que xa se desenvolveu un cuestionario axeitado para proceder coa recompilación de datos.
- AM-MEQB-6: “Elaborar vídeos sobre prácticas de docencia no laboratorio” (continuación da AM-MEQB-6 da axenda 2021/22), con idea de reforzar as canles metodolóxicas no eido da docencia práctica de laboratorio, ademais de ser unha ferramenta de alto interese para potenciais casos nos que a dispensación da docencia teña que desenvolverse en escenarios remotos.
- AM-MEQB-7: “Reflexionar sobre a natureza e sentido dos informes encargados ó alumnado” (continuación da AM-MEQB-7 da axenda 2021/22), buscando unha mellora dos procesos metodolóxicos e optimizando os recursos humanos destinados á aprendizaxe.

Máster en Enxeñaría Ambiental

As accións de captación son unha constante nesta titulación, abarcando a información ofrecida en folletos a través da páxina web, respostas individualizadas a consultas por correo, charlas realizadas en centros de secundaria e outras universidades, etc. A enquisa de benvida mostra sempre que a acción máis efectiva e a difusión por internet, moito máis precisamente este curso 2021-22 (76,9%), seguido dos comentarios de outras persoas (46,15%).

Asemade, as actividades de captación que se están promovendo dende a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (incluídas nas *Accións de Mellora* dos cursos 2021-22 e 2022-23) están resultando moi positivas pois constatouse moito interese por este master. Este esforzo se completa no eido do ensino secundario coa participación no programa A Ponte.

Unha vez matriculados, a orientación académica do MEnA comeza no mesmo acto de benvida, que é altamente valorado (máis do 90% o consideraron útil ou moi útil). Logo esta orientación se reparte entre o Coordinador do máster e os Coordinadores de módulos. Especialmente intensa é a labor de Coordinación que se fai en relación coa elección de empresa nas Prácticas Externas e a elección de tema para o TFM. En relación a orientación profesional, o máster dispón de abundante información sobre inserción laboral de titulados e de forma regular empresas contactan co máster coa intención de incorporar egresados nas súas plantillas.

Continuouse co impulso de acadar un maior número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas. Nese eido, acadáronse este curso 7 novos convenios (CMG 2 Kudeaketa, GESTAGUA, APPLUS, CETAQUA, REM-IRU SL e COREN).

Este módulo (Prácticas Externas) e o que tradicionalmente acada maior puntuación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado da titulación (normalmente por enriba de 4). Nembargantes, este ano a valoración acadada foi de 3,67, especialmente penalizada pola valoración que lle outorgan a súa duración (1 mes), apartado este que non depende da Coordinación nin do profesorado da titulación e que, de feito, reflexa o interese grande que teñen por realizar as prácticas. Por poñer este valor en contexto, indicar que tamén dende a Coordinación se lles pide a valoración de todos os módulos e, neste caso, a valoración foi de 4, basicamente no mesmo nivel que nos derradeiros 4 anos (3,7; 3,7; 4,1 e 4,2).

Os principais indicadores do MEnA arrojan datos moi positivos, o que reflexa que o estudiantado superou a totalidade das materias do Mestrado. E moi importante a información reflexada no informe de cualificacións onde se pode ver o resultado de cada materia, ben diferente unhas de outras, mostrando unha distribución de cualificacións moi realista e específica para cada materia. A destacar:

Taxa de rendemento maior do 95% para a grande maioría das materias, unicamente con valores algo inferiores (86%) no caso do TFM e dunha materia optativa, Técnicas de Análise Territorial, con un 89%.

Taxa de avaliación: valores moi similares, 100% no caso de casi todas as materias coa excepción do TFM (86%) e de Técnicas de Análise Territorial (89%).

Taxa de éxito: todas as materias achegan ó 100% e só unha materia se queda no 95,65%.

Finalmetne a taxa de abandono foi do 0%.

Como sucede en xeral cos estudos de máster, a mobilidade entendida como estadias en outras universidades é moi reducida xa que o tempo dispoñible é escaso.

Este máster destaca pola captación de estudantes de outras universidades e zonas xeográficas. O informe de procedencia xeográfica (IN-16) indica que, dos 39 estudantes matriculados no curso 2021-22, un 69% (27) procedían de Galicia, un 23% (9) e un 8% (3) de países de América Latina.

Tamén se podería comentar neste apartado a realización de prácticas externas en empresas fora de Santiago de Compostela (67%) ou noutras comunidades autónomas (13%).

Continuouse co impulso de acadar un maior número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas. Nese eido, acadáronse este curso 7 novos convenios (CMG 2 Kudeaketa, GESTAGUA, APPLUS, CETAQUA, REM-IRU SL e COREN).

Neste sentido, a *Acción de Mellora nº4* realizada no 2021-22 ("Encontro en Enxeñaría Ambiental entre estudantes, egresados, profesorado e empresas) resultou ser moi positivo en valoración dos máis de 70 asistentes (27 outubro 2022).

O módulo de Prácticas Externas e o que tradicionalmente acada maior puntuación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado da titulación (normalmente por enriba de 4). Nembargantes, este ano a valoración acadada foi de 3,67, especialmente penalizada pola valoración que lle otorgan a súa duración (1 mes), apartado este que non depende da Coordinación nin do profesorado da titulación e que, de feito, reflexa o interese grande que teñen por realizar as prácticas. Por poñer este valor en contexto, indicar que tamén dende a Coordinación se lles pide a valoración de todos os módulos e, neste caso, a valoración foi de 4, basicamente no mesmo nivel que nos derradeiros 4 anos (3,7; 3,7; 4,1 e 4,2).

A satisfacción xeral do alumnado coa docencia recibida no MEnA foi moi alta (4,17), destacando a taxa de resposta nesta enquisa de satisfacción, que acadou un 48,72%.

Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

A taxa de avaliación de todas as materias foi alta, movéndose nun rango do 85 ao 95%, agás no TFM que acadou un valor do 73%, estando todos estes valores dentro da normalidade. A taxa de rendemento tamén foi moi alta en todas as materias (rango do 85 ao 95%), salvo no mencionado TFM (73%), e na materia de Aprendizaxe Estatística (75%), sendo de novo todos os valores correctos. Por último, a taxa de éxito foi do 100% en todas as materias, salvo en Aprendizaxe Estatística (79%) onde o valor é razoable. Pódese concluír que as taxas de avaliación, rendemento e éxito tomaron en todos os casos valores nos parámetros desexables.

En canto ao grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida acadou un valor alto de 4,36 puntos, superior ao de anos anteriores. En canto a taxa de participación nas enquisas do alumnado, mantívose en valores próximos aos do curso anterior cun 76,19%, froito da acción de mellora levada a cabo no curso pasado. En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, este ano a participación nesta enquisa foi do 41,67% (en cursos previos non se chegou ao número mínimo de respostas), cunha puntuación global media de 3,97 puntos. En relación cos egresados, a taxa de éxito foi do 100%, e a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) acadou valores do 92,68%, moi superiores a cursos previos.

Nesta directriz levouse a cabo unha acción de mellora (AM-MTAD-1), que veu motivada porque no último curso académico aumentouse o número de prazas no Máster a 20. Compre incrementar o número de solicitudes de preinscripción no Máster, para mellorar aínda máis o perfil do alumnado. No último ano se fixo unha actividade de captación de alumnado no ámbito da USC. O obxectivo deste ano é aumentar a captación de alumnado internacional, concretamente hispanoamericano, xa que o potencial número de alumnos/as con este perfil é moi elevado. O obxectivo da acción de mellora foi aumentar a difusión do Máster ao alumnado de Hispanoamérica. Para isto, participouse na actividade dixital de mercadotecnia internacional que está a desenvolver o Servizo de Captación Internacional da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional. Así, realizouse a gravación do vídeo do Máster para participar na actividade de captación internacional. O 17 de febreiro ás 19:00 tivo lugar a xornada de presentación dos másters, organizada pola USC, con fin de incrementar a captación de estudantes de Hispanoamérica. O coordinador do Máster participou en dita xornada e respondeu as preguntas formuladas polos estudantes.

Máster en Computación de Altas Prestacións

Este máster participou a principios de ano nas actividades de difusión internacional de másteres oficiais coa gravación dun vídeo de presentación e coa presenza do coordinador nun dos webminarios en vivo para ou estudiantado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior que organiza a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina de Captación Internacional.

A oferta de prazas é de 12 no que se refire á matrícula de acceso de novo ingreso por preinscrición foi de 9 estudantes, un 50% máis que o curso 2020/21, cunha taxa de ocupación do 75% e unha nota media de acceso de 7,87. O número total de matriculas incluíndo os estudantes de segunda matrícula foi de 22, contando 6 na modalidade presencial e 16 na modalidade a distancia, das cales 7 son do convenio coa Universidade de Cergy. A porcentaxe de estudantes estranxeiros foi do 36,36% procedentes todos do convenio con Cergy Paris Université, e o porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados do 18,18%, menor que o curso anterior.

Realizáronse as reunións de benvinda ao comezo do curso 2021/2022 e posteriormente informativas de Traballos Fin de máster e Prácticas Profesionais, seguindo o Plan Executivo de Calidade da Escola.

Os indicadores desagregados por materias indican unha taxa de éxito e de rendemento do 100% na modalidade presencial, excepto na materia de Traballos Fin de Máster (TFM) que ten unha taxa de rendemento do 83,33%. Obsérvase unha taxa de avaliación do 50% en Prácticas Profesionais, Taller de Proxectos e do 44,44% en TFM na modalidade a distancia. Algúns estudantes deixan esas materias para o seguinte curso académico o que aumenta a duración media dos estudos. A duración media dos estudos incrementouse un 50%, pasando a 1,5 anos de media respecto a os cursos anteriores. Este aumento pode estar motivado polo número de alumnos/as que cursan o máster na modalidade a distancia e traballan a tempo completo de forma simultánea. Matriculáronse 18 estudantes na materia de TFM e defendéronse 13 traballos, dos cales 8 estaban no rango de notable e sobresaliente. Propúxose unha acción de mellora (AM-MHPC-2 Curso 2022/2023) para outorgar un premio aos mellores TFM en cada curso académico. Dos restantes 5 TFM matriculados, houbo 1 non presentado e 4 renuncias.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións foi do 50%, a metade do curso anterior. Esta diferenza débese ao número de alumnos/as que validan as prácticas profesionais e taller de proxectos. O curso académico 2021/2022 só 3 alumnos/as realizaron prácticas profesionais.

A taxa de abandono foi do 16,67%, sendo a máis baixa nos últimos 3 anos. En xeral, o grao de satisfacción dos egresados coa titulación é de 3,55, lixeiramente superior ao curso anterior (3,26).

Non que se refire á mobilidade, os estudantes franceses do dobre título cursan en Santiago durante mes e medio as materias do primeiro cuadrimestre. Ningún estudante dá USC acolleuse ao dobre título, debido principalmente a que lles implica desprazarse a Pau durante un ano e medio. Resulta máis interesante para o alumnado recentemente graduado que para o alumnado que traballa.

En canto as prácticas externas, non hai resultados sobre a satisfacción do estudiantado nin dos titores académicos ou dos titores profesionais. Non se dispón de datos do curso 2021-22 sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida nin a satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

Máster en Visión por Computador

O Coordinador do mestrado participou nas xornadas de “Presentación de programas de mestrados”, o 22 de febreiro de 2022, orientado a estudantes dunha vintena de países sudamericanos. Contribuíuse mediante o aporte de material de difusión, elaborouse un vídeo de presentación do mestrado, e participou na sección de “Preguntas e respostas” das xornadas, onde o potencial estudado tivo a oportunidade de formular preguntas sobre dúbidas xurdidas tras as presentacións, ou requirindo información adicional. A participación mantívose no curso actual, e continuará no futuro.

O medio que maior difusión e posibilidades de captación nos proporciona é a páxina web propia do mestrado (<https://www.imcv.eu/>), que inclúe ferramentas de contacto. A maior parte dos contactos anteriores de alumnado interesado chegan por esa vía, fundamentalmente alumnado estranxeiro e doutras comunidades. O alumnado local, o mesmo que acontece no resto de universidades, xa soe contactar directamente cos coordinadores locais, pola difusión que se fai directamente nos centros.

Das 6 prazas ofertadas pola USC nos períodos de matrícula cubríronse 5 delas. Destas 5 persoas, un estudante tivo moitas dificultades para compatibilizar os estudos co traballo. Amosouse crítico coa forma de desenvolverse a docencia, por resultarlle pouco compatible co desenvolvemento do seu traballo, e dóselle flexibilidade na medida do posible. Non constou ningunha queixa formal, pero tampouco puido aproveitar todas as facilidades que se lle deron. O resto de matriculados seguiu o curso con normalidade.

En canto ás taxas de rendemento, éxito e avaliación a nivel global, cabe destacar que as porcentaxes son elevadas, aínda que compre recoñecer que o número de estudantes foi baixo. Os suspensos e non presentados corresponde ao caso dun estudante, que tivo un bo desempeño durante o primeiro cuadrimestre, pero que por motivos laborais non puido seguir o curso do mesmo xeito durante o segundo cuadrimestre. A taxa de éxito baixou do 100% xusto nas materias nas que ese

estudiante acadou unha cualificación de suspenso: en Instrumentación e procesamento para visión artificial a porcentaxe é do 80% (5 estudantes), en Análise de imaxes biomédicas a porcentaxe foi do 66,67% (3 estudantes), e en Biometría 50% (2 estudantes). A taxa de rendemento foi a mesma nesas tres materias, e baixou ao 80% en 5 materias máis nas que o mesmo estudante obtivo a cualificación de non presentado. A taxa de avaliación explícase do mesmo xeito: 80% en todas as materias onde ese mesmo estudante foi cualificado como non presentado, e 100% en todas as demais.

En cantos ás enquisas de satisfacción, só participou un estudante, polo que pouco se pode concluir neste sentido. Máis informativas foron as enquisas propias enviadas ao final dos dous semestres, nos que se constatou unha mellor percepción da coordinación a nivel de contidos, e como sempre unha positiva valoración dos contidos formativos. Estes informes foron aprobados en reunións da Comisión Académica Interuniversitaria e están incorporados ás actas das mesmas.

No Máster en Visión por Computador son obrigatorias as Prácticas Externas. No curso 2021/22 preparouse unha oferta suficiente para cubrir as necesidades, pero permitindo ao estudantado tanto a priorización das súas preferencias, como a presentación de ofertas alternativas de entidades externas coas que calquera estudante poidera ter algún acordo/compromiso persoal. Durante o curso 2021/2022 asináronse novos convenios de colaboración con entidades externas, que cada vez en maior número ofertan prazas para a realización de prácticas do noso estudantado. A oferta superou claramente a demanda.

Tanto para as Prácticas Externas como para os Traballos Fin de Máster contamos cun procedemento ben definido para a convocatoria, selección de temáticas, resolución das adxudicacións e avaliación, seguindo procedementos semellante ao resto de titulacións da ETSE.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O proceso *PS-01 Xestión dos recursos humanos* do SGC da ETSE ten como obxectivo a detección de necesidades de recursos humanos no centro así como as súas necesidades de formación. Por outra banda, cúmprese cos requisitos de recursos humanos establecidos nas memorias de verificación dos títulos.

Pódese considerar que o persoal académico que participa nos títulos que se imparten na ETSE é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada a través do programa de formación e innovación docente (PFID) da USC. Ademais, propoñéanse actividades de formación desde o centro cando se considera necesario.

A información do profesorado do centro está dispoñible na web do centro (<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-tecnica-superior-ingenieria/directorio>) e as súas características poden resumirse cos seguintes índices, que permanecen bastante estables nos últimos anos aínda que o IN26C reduciuse lixeiramente o que se pode explicar pola incorporación de novo profesorado contratado:

IN24C- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total: 94,09 (88,89-100%)

IN25C- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total: 97,67 (96,23-100%)

IN26C- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 66,22 (60,87-87,50%)

A porcentaxe de participación do PDI en actividades de formación oscilou no curso 2021-22 entre o 6,67 e o 39,13% dependendo do título, e aínda que houbo participación de profesorado de todos os títulos agás un, experimentou un descenso bastante significativo en todos os casos o que require unha análise das posibles causas. O informe do grao de satisfacción coas actividades formativas (INF.10) é global para a USC polo que non permite extraer conclusións sobre o profesorado do noso centro. No que respecta á participación do PDI da ETSE en programas de mobilidade (I10) non houbo cambios significativos no caso dos Graos e recuperouse a mobilidade nalgún máster no que desaparecera probablemente polas limitacións impostas pola COVID-19. En canto ao grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47) e moi alto en todas as titulacións tanto de grao como de master (3,96-4,42) e está en concordancia coa satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF46: 3,85-4,36).

No que respecta ao Persoal de Administración e Servizos (<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-tecnica-superior-ingenieria/directorio>) consideramos que non é dabondo para levar a cabo as numerosas actividades de xestión desenvolvidas na ETSE tendo en conta ademais o tamaño do equipo de dirección do centro de só tres personas. É de destacar a alta valoración do PAS polo profesorado (INF.23: 3-5; media 4,29) e alumnado do centro (INF.22: 3-4,75; media 3,81).

Ademais, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría é un centro moi singular desde a perspectiva TIC, e as súas necesidades, particularmente no eido das titulacións de Enxeñaría Informática e mestrados do ámbito, deben ser atendidas tendo en conta a peculiaridade dos nosos estudos. En particular, demandamos a presenza permanente dun técnico de apoio no centro que se solicitou en base un obxectivo de calidade no curso 2020-21 pero que aínda non foi concedido.

A porcentaxe de participación do PAS en actividades de formación, aínda que sufriu un descenso importante con respecto ao curso pasado segue sendo elevada (69,23%) o que demostra a implicación do personal na mellora continua. O informe sobre o grao de satisfacción é global da USC polo que non é posible facer unha análise particular para o PAS da ETSE.

Con respecto ao grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C=3,75) aumentou significativamente desde o curso anterior aínda que a taxa de resposta segue sendo baixa (30,7%) e sería importante aumentala para dispoñer duns resultados máis fiables. A pesar da importante mellora é preciso seguir analizando aqueles items menos valorados na enquisa (INF 21).

As evidencias e indicadores asociados a esta directriz discútnense para cada un dos títulos do centro.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

A porcentaxe de PDI doutor (IN25G) impartindo docencia no grao superou todos os anos dos que hai datos o valor do 90 %. No curso 2021-22 este valor foi de 96,23 %. Cabe destacar o feito de que neste momento non existen profesores/as Asociados impartindo docencia no GrEQ na área de Enxeñaría Química, o cal é un aspecto importante a mellorar no futuro. No que respecta á porcentaxe de PDI funcionario (IN26G), este valor soe ser superior ao 60 %, concretamente de 69,81 %, que é un valor superior ao da Área de Enxeñaría e Arquitectura (63,79 %) e ao da USC (51,98 %).

En xeral o profesorado da categoría Catedrático ten máis participación na docencia do grao a partir de 3º curso. Nos cursos 1º e 2º a maior parte dos docentes son Titulares de universidade e Profesores/as contratados/as doutores/as. Nas materias

de laboratorio participan ademais estudantes predoutorais con contratos que lles permiten participar no POD. O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) aumentou significativamente dende 3,72 (curso 2017-2018) a un valor de 4,13 (curso 2021-2022). O profesorado do GrEQ asiste regularmente a cursos do programa de PFID da USC e algúns fan estancias noutras universidades españolas ou extranxeiras con fins docentes. A actividade investigadora do profesorado que imparte materias no grao é salientable. Este feito probase polo número de docentes que teñen concedidos sexenios de investigación (IN24G). Esta porcentaxe está nos últimos anos por encima do 90 % de xeito que no curso 2021-22 o 93,75 % do profesorado tiña sexenios. Polo tanto vense a demostrar que a actividade investigadora desenvolvida por estes docentes é abundante. Neste ámbito non se propuxo ningunha acción de mellora no curso 2021-2022.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

O GREI e DGIM presentan unha configuración de profesorado bastante estable ao longo dos últimos anos. Con respecto ao plan novo, onde no curso 2021/22 aínda non se imparten materias de 4º curso, houbo 59 docentes que participaron no título, onde algo máis da metade son profesores/as titulares de universidade ou catedráticos/as (26 e 5, respectivamente). O resto dos/as docentes son Contratados Doutores (7) ou outras figuras de profesorado. Destaca tamén a intensa participación de contratados/as predoutorais en labores de asistencia á docencia de sesións interactivas (12 en total). Tamén é salientable a participación de contratados/as posdoutorais (Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, etc... - 3 en total). A incorporación deste tipo de figuras na docencia dos títulos é fundamental e necesitamos reforzala. Aínda que a captación deste tipo de contratos é máis responsabilidade dos departamentos e centros de investigación da nosa universidade, colaboraremos con eles para fomentar este tipo de figuras.

A participación de departamentos e áreas de coñecemento é a que corresponde ao deseño orixinal do título, onde destaca o Departamento de Electrónica e Computación (que aporta 11 docentes das áreas de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, 23 da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, 1 da área de Electrónica e 10 de Linguaxes e Sistemas Informáticos). O resto de departamentos implicados na docencia dos títulos proceden de distintas facultades (Dereito, Económicas e Matemáticas, por exemplo) e teñen en xeral un papel importante pero participan nun número menor de materias do título. Os indicadores de experiencia investigadora e docente revelan unha ampla traxectoria de investigación e docencia por parte do profesorado do título. Analizando exclusivamente ao persoal que pode optar a sexenios e quinquenios, as medias no título son de 2,90 sexenios e 4,58 quinquenios. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é moi alta (94,44%). Tamén é moi alto a porcentaxe do PDI doutor sobre o PDI total (97,65% no último curso) e a porcentaxe de PDI funcionario (64,13%). Trátase de números satisfactorios que indican unha boa configuración do cadro docente do título. En termos comparativos, estes valores son superiores, tanto respecto á media da USC como respecto á media da área de Enxeñaría e Arquitectura. A participación deste profesorado experimentado nas distintas materias e cursos do título indica unha distribución homoxénea, onde a totalidade de materias e cursos conta con persoal experimentado.

Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia impartida reflicten unha valoración notable (4,42 sobre 5) e non se identifican cuestións graves nas que sexa necesario incidir. En todo caso é necesario aumentar a taxa de resposta (foi dun 39,58%). Incidirase neste aspecto no próximo período no que as enquisas están abertas. As respostas indican en xeral mellor valoración que á media de graos da USC, e non existen grandes diferencias nas valoracións das diferentes preguntas. Por outra banda, como xa se puxo en coñecemento da universidade mediante un informe dirixido á vicerreitoría con competencia na materia a comezos do ano 2020, a ETSE é un centro moi singular dende a perspectiva TIC e as súas necesidades, particularmente no eido das titulacións de Enxeñaría Informática e mestrados do ámbito, deben ser atendidas tendo en conta a peculiaridade dos nosos estudos. En particular, demandamos unha nova figura de técnico de laboratorio de informática, cunha presenza permanente no centro. Isto é esencial para un correcto e eficaz desenvolvemento da docencia interactiva en moitas das materias que se imparten no centro.

Debemos ter en conta que a rixidez dos procesos de configuración das aulas de ordenadores pode funcionar ben para a meirande parte dos centros da nosa universidade pero non é axeitada para un bo número de materias que se imparten na ETSE. Ao longo dos anos, moitos dos nosos profesores teñen atopado serias limitacións para a organización de traballos prácticos de materias tales como seguridade informática ou sistemas operativos (ata o punto de ter que acudir a servizos externos ou directamente limitar o tipo de traballos que fan os estudantes). Debemos atopar mecanismos para que o alumnado dispoña de máis privilexios á hora de acceder aos equipos. Por exemplo, para instalar contedores ou facer tests da rede. O uso de máquinas virtuais permite, dentro dun límite, solucionar estes problemas, pero moitas veces non son a solución (e, ademais, implican usualmente necesidades hardware que moitas veces non proporcionan os equipos

dispoñibles). Solicitamos, por tanto, á vicerreitoría chegar a un compromiso entre seguridade e flexibilidade e un técnico permanente no noso centro facilitaría enormemente a transición a un novo modelo de xestión das aulas.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Os indicadores sobre a calidade dos recursos humanos apuntan a unha elevada cualificación do persoal docente e investigador (PDI) que desenvolve actividade docente no título. Así, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24M = 94,44) e a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25M = 100) amosan resultados elevados/máximos e ben estabilizados no devir temporal do Máster. No que respecta á porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26M = 60,87), experimentouse un repunte respecto do descenso que implicaba o valor acadado para este indicador no curso anterior, e achegándose a valores máis propios da serie histórica. En calquera caso, tendo en conta a estabilidade en xeral da maior parte do profesorado responsable do groso das materias integrantes do plan de estudos, as fluctuacións percibidas neste indicador teñen que estar necesariamente afectadas pola maior ou menor participación, de ano en ano, de profesorado non funcionario na titorización de traballos na materia Tránsito Fin de Máster.

No marco dun proceso de mellora continua, de cara a reforzar a formación do profesorado, inclúese na axenda 2022-23 unha acción de mellora para a adquisición por parte do profesorado do máster de competencias metodolóxicas vinculadas ás teorías de roles de equipo, para conseguir un desempeño optimizado no desenvolvemento de actividades docentes levadas a cabo por equipos de estudantes:

- AM-MEQB-2 (axenda 2022-23): “Formar a profesorado do Máster en metodoloxías de roles de equipo”.

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M = 4,28) é elevado e mantense estable no contexto temporal. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23), obtívose un valor aínda superior, 4,74, para a valoración global. En calquera caso, a participación nas enquisas é baixa, por exemplo do 26 % no caso da enquisa de satisfacción coa titulación. Así, a acción de mellora AM-MEQB-3 da axenda 2021-22, “Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese”, agora baixo o mesmo código AM-MEQB-3 na axenda 2022-23, busca mellorar os graos de resposta destas e doutras enquisas dos grupos de interese.

A media de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN32M = 14,85), mantense en valores similares ó curso precedente e permite continuar a desenvolver axeitadamente este tipo de docencia tan relevante para a axeitada formación do alumnado do máster.

Máster en Enxeñaría Ambiental

No curso 2021-22 participaron 27 profesores/as na titulación, acadando entre todos eles/as unha grande experiencia tanto docente coma investigadora con un total de 131 quinquenios e 101 sexenios, respectivamente. O profesorado pertence a 9 departamentos/áreas de coñecemento, o que da unha idea da multidisciplinidade da titulación. En canto a categorías, as máis representadas son o corpo de Catedráticos/as de Universidade (26%) e o de Profesores/as titulares de Universidade (44%). Destaca a presenza de mulleres, que xa supoñen o 51% dos docentes.

Destacar que a metade do profesorado é membro do recentemente creado Instituto CRETUS (Cross-disciplinary Research in Environmental Technologies), agrupación de excelencia a nivel internacional no eido das ciencias e tecnoloxías ambientais (https://twitter.com/cretus_usc?lang=es).

Como se comentou anteriormente, a satisfacción tanto do alumnado coma do profesorado con respecto o persoal de apoio é moi alta.

Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

Todo o profesorado do Máster ten sexenios de investigación e o 64,29% e PDI funcionario. O número medio de alumnos/as por grupo de teoría e por grupo de docencia interactiva incrementouse ata 20 polo aumento de prazas no Máster.

Nesta directriz levouse a cabo unha acción de mellora (AM-MTAD-3), co fin de aproveitar os coñecementos que ten o alumnado de doutoramento para o desenvolvemento das prácticas das materias do Máster. A participación do alumnado de doutoramento na docencia práctica permitirá mellorar a calidade da docencia. En particular, houbo a colaboración dun alumno de doutoramento na docencia da materia Tecnoloxías de Xestión de Información non Estructurada baixo a supervisión do coordinador da materia.

Máster en Computación de Altas Prestacións

Dos 8 docentes da USC que participaron na docencia no máster o curso 2021/2022 un total de 7 son persoal estable coa seguinte tipoloxía: 2 son catedráticos de universidade, 4 son profesores/as titulares de universidade, 1 é contratado doutor

e 1 é profesor axudante doutor.

A participación de departamentos e áreas de coñecemento é a que corresponde ao deseño orixinal do título, onde o Departamento de Electrónica e Computación (que aporta 6 docentes da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e 2 da área de Electrónica) imparte a totalidade dos créditos asignados á USC. Os indicadores de experiencia investigadora e docente revelan unha ampla traxectoria de investigación e docencia por parte do profesorado do título. El 100% del Persoal Docente e Investigador ten sexenios e son todos doutores. A excepción do axudante doutor, todo o PDI ten quinquenios. Se trata de números satisfactorios que indican unha boa configuración do cadro docente do título. En termos comparativos, estes valores son superiores, tanto respecto á media da USC como respecto á media da área de Enxeñaría e Arquitectura. A participación deste profesorado experimentado nas distintas materias do título indica unha distribución homoxénea, onde a totalidade de materias conta con persoal experimentado.

A pesar da traxectoria investigadora do persoal docente, o auxe no uso dá computación de altas prestacións presta a coñecer casos de éxito e investigacións complementarios ás proporcionadas polo profesorado do máster. Proponse unha acción de mellora (AM-MHPC-3 Curso 2022/2023) para achegar ao alumnado unha visión externa do uso da Computación de Altas Prestacións mediante ciclos de charlas con profesionais privados e/ou investigadores/as de prestixio no ámbito dá Computación de Altas Prestacións.

Non existen datos do curso 2021-22 sobre o grado de satisfacción do profesorado coa docencia impartida nin coa titulación.

Máster en Visión por Computador

No Máster en Visión por Computador contouse para curso, 2021/22, co persoal que se describiu na memoria da titulación, e cabe destacar que varios profesores acadaron xa a promoción a Catedráticos de Universidade e outros tantos xa dispoñen da acreditación. Tamén se incorporou algún profesor novo, que acadou recentemente o título de doutor no ámbito da visión por Computador. Todo o profesorado ten sexenios de investigación (salvo un profesor en formación, Predoutoral Xunta), actividade investigadora activa, e a maior parte están adscritos a Centros Singulares de Investigación.

Tal e como amosan as enquisas de satisfacción do profesorado, tanto a súa implicación individual, como a súa percepción do conxunto da titulación foron moi positivas.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O mantemento e mellora do equipamento dos diferentes espazos docentes da ETSE é unha tarefa permanente que se desenvolve de acordo co proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do SGC do centro e que se planifica anualmente en función da dispoñibilidade económica a través das accións de mellora propostas. Por outra banda sinalar que en xeral cúmprese cos requisitos de recursos materiais e servizos establecidos nas memorias de verificación dos títulos. As infraestruturas e os recursos materiais postos a disposición do alumnado e o seu proceso formativo son, en xeral, adecuados para atender ás necesidades das titulacións adscritas á ETSE, aínda que é preciso renovar periódicamente certo equipamento e dotar ás novas titulacións dos materiais necesarios para impartir a docencia práctica. No curso 2021-22 desenvolveuse o obxectivo de calidade *“OC-4 Mellorar o equipamento e medios para a docencia e dotar espazos para o profesorado”* que incluía dúas accións de mellora propostas polos títulos (AM-MEQB-6 e AM-MEnA-6) e a acción AM-ETSE-2 coa que se realizou a mellora ou renovación de equipamento multimedia nos espazos docentes, a renovación de equipamento nas aulas informática, a adquisición de equipamento para novas prácticas e dotáronse catro despachos para o profesorado do departamento de Electrónica e Computación, accións descritas con mais detalle no informe do plan de melloras desta memoria. Todas as aulas de docencia expositiva do centro, unha parte significativa das aulas de docencia interactiva e o Salón de actos dispoñen de equipamento multimedia que garantizan particularmente a docencia dos masteres interuniversitarios que se imparten no centro. Tamén dispónse dun programa de préstamos de portátiles para o alumnado do centro. Asimesmo o uso de Campus Virtual e xeral en todos os títulos.

As accións a nivel de título que están a desenvolverse na ETSE en relación con este obxectivo detállanse nas reflexións correspondentes a cada título.

Para o presente curso volve a presentarse un novo obxectivo de calidade relativo a esta directriz o *“OC-2 Mellorar os espazos e o equipamento para a docencia”* que recolle unha acción de mellora do centro (AM-ETSE-4) e dous de títulos (AM-MEQB-6 e AM-MTAD-2) descritas no plan de melloras desta memoria.

Na web do centro figura información sobre os equipamentos docentes e diferentes servizos dispoñibles (administración, mobilidade, orientación académica, asuntos económicos e conserxería) <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/equipamentos>, o programa de prácticas externas incluíndo os convenios en vigor para todos os títulos <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/practicas>, e os programas de mobilidade <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/mobilidade>. A Biblioteca da ETSE revisa antes do inicio de cada curso a dispoñibilidade da bibliografía básica recomendada nas guías docentes das materias de todos os títulos do centro. Asimesmo, a [Guía ETSE estudantes](#) e o [Calendario ETSE](#) proporcionan información de acollida necesaria para o estudiantado.

As evidencias e indicadores asociados a esta directriz discútense para cada un dos títulos do centro.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos/as estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados as características do plano de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os/as estudantes. É de especial importancia a labor de revisión e mantemento dos laboratorios de prácticas experimentais para que todas as montaxes de prácticas empregadas estean en boas condicións para impartir a docencia o que require dunha inversión de cartos continua no tempo.

Segundo a información recibida do alumnado que fan as prácticas externas, que son practicamente o 100 %, as instalacións onde os reciben son adecuadas para a adquisición das competencias.

A valoración dos egresados cos servizos (IN33G) amosaba un aumento progresivo no tempo en que se dispoñía de datos deste indicador, encontrándose no curso 2018-2019 (último curso con dato) nun valor de 4,13 que polo tanto indica unha opinión positiva deste grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Os espazos docentes (aulas de teoría, aulas de informática e laboratorios) son suficientes para o correcto desenvolvemento do título. Sen embargo, identificáronse algunhas necesidades que foron solucionadas ao longo do curso. Así, en canto a equipamento dos laboratorios, por exemplo, foi necesario actualizar os discos duros dos computadores da aula I1. Nas aulas de informática situadas no Monte da Condesa decidiuse seguir un modelo híbrido en canto ao equipamento destas. Este modelo baséase en que só é necesario dispoñer dun número de aulas reducido cun computador por posto, xa que no GrEI a gran maioría dos estudantes dispoñen dun portátil persoal co que asisten as sesións interactivas. Neste caso haberá dúas aulas completas. Nas outras só haberá 4/5 PCs para aqueles/as estudantes que non dispoñan dun portátil ou que, por outra razón, non o teñan dispoñible nese momento.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23) hai unha serie de ítems dentro do cuestionario que permiten adiviñar un grao elevado de satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos. Así, os ítems “Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos” e “O campus virtual facilita a miña labor docente” foron valorados na devandita enquisa cunha puntuación de 5,00 (o máximo posible); e os ítems “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?” e “As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?” con 4,83 e 4,67 respectivamente (fronte a 4,38 para ambos os dous no curso 2020-21). Estes resultados deben contextualizarse, non obstante, coa pobre participación do 26 % do profesorado na referida enquisa; pero en xeral son uns excelentes valores. Aínda así, as restricións que implicou a emerxencia sanitaria da pandemia da COVID-19 amosaron a conveniencia de reforzar o catálogo de recursos para facer fronte a unha docencia de calidade en remoto. Nesa liña, a acción de mellora AM-MEQB-6 da axenda 2021-22, para a realización de vídeos sobre as prácticas de laboratorio como canle alternativa para o proceso de aprendizaxe, foi trasladada á axenda 2022-23 ao estar aínda pendente de execución.

Máster en Enxeñaría Ambiental

O grao de satisfacción do alumnado cos recursos materiais e servizos é en xeral alto. Así, o alumnado valora positivamente os trámites de matrícula (4,75), a atención dispensada polo persoal de administración e servizos (4,75), a utilidade do Campus Virtual (4,75), etc..

Destácase a incorporación de novos equipamentos docentes derivados da posta en marcha da Acción de Mellora 1, que permitiu dispor de 2 novos paquetes de simulación (Biowin, Labster).

Non hai información sobre a satisfacción dos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental ofrecido dende a área de Calidade da USC. Nembargantes, a titulación fixo unha enquisa propia de inserción laboral que cubreu as promocións 2015-2017, 2016-18, 2017-19, 2018-2020, 2019-21, na que participaron o 73% dos contactados. O 73% valorou como positiva ou moi positiva a calidade do proceso de ensino/aprendizaxe. Estes datos forman parte dunha das Accións de Mellora contempladas para este curso 2022-23, precisamente para ter máis información sobre o colectivo de egresados do Máster. En xeral boa satisfacción, por enriba da media da USC no que respecta a información ofrecida do título pola Oficina de Información Universitaria, a Unidade de Xestión Académica e a páxina web da USC. Tamén a información recibida dende o propio centro (web propia, presentacións).

Como todos os anos, a principal necesidade é a de dotar axeitadamente os laboratorios experimentais, polo custe que supón o seu mantemento. Isto faise en parte con fondos da ETSE, do Depto. de Enxeñaría Química e tamén con fondos propios do Máster grazas o Patrocinio que ten coa empresa VIAQUA e a Mención de Excelencia da Xunta de Galicia.

Como se comentou anteriormente, as Prácticas Externas son a actividade da titulación que recibe ano tras ano a maior cualificación en canto o grao de satisfacción (4,2). Isto é así especialmente polo traballo de selección e orientación de empresas que se fai dende o profesorado para o alumnado, de feito que se escollan empresas fortemente implicadas coa titulación. A orientación tanto académica coma profesional que recibe ó alumnado nesta acción formativa é moi importante.

Máster en Computación de Altas Prestacións

O espazo docente (aula onde se imparte a docencia, tanto de teoría como de prácticas) é adecuada para ou correcto desenvolvemento do título. Pola situación provocada pola COVID, os recursos materiais para unha docencia telemática actualizáronse progresivamente mellorando o equipamento informático.

Con todo todos os docentes levan o seu equipo que coa axuda dá pizarra táctil dispoñible na aula permite un desenvolvemento adecuado das clases tanto na modalidade presencial como na modalidade a distancia. Debido a esta dobre modalidade e a que o máster ten dúas sedes e distintas ferramentas para a xestión de espazos virtuais, o máster usa

unha plataforma de teleformación xestionada polo CESGA (Aula Cesga) para compartir o material didáctico e Microsoft Teams para as videoconferencias que se poden seguir de forma síncrona. As clases quedan gravadas e dispoñibles para que o alumnado poidaas reproducir de forma asíncrona. Indicar que non son necesarios equipos para ou estudantado na modalidade presencial, xa que sempre acode co seu propio equipo portable, e para a meirande parte das prácticas utilizan os sistemas do CESGA. Todo o alumnado ten acceso aos recursos dixitais a través da biblioteca da ETSE.

Máster en Visión por Computador

No Máster en Visión por Computador 5 estudantes realizaron prácticas externas durante o curso 2021/22. Unha tivo lugar no seno de grupos de investigación do CiTIUS, unha na empresa Televés, outra no centro tecnolóxico CTAG, e a outra na empresa Neurologyca. Todo o estudantado dispuxo de posto de traballo na entidade correspondente e participou en proxectos de innovación/investigación como parte dos correspondentes equipos e con total disposición dos recursos necesarios para abordar as tarefas encargadas. Tanto estudantes como titores nas entidades externas amosaron nos seus respectivos informes un alto grao de satisfacción co desenvolvemento das prácticas, tal e como se recolle nos informes de avaliación e satisfacción correspondentes.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

A xestión da información pública da ETSE desenvólvese conforme ao proceso de soporte *PS-06 Información pública*, do seu SGC, o que garante que toda a información relevante da Escola se fai pública, se revisa e se actualiza co fin de manter informados a todos os grupos de interese.

Toda a información está contida na web do centro e/ou na web institucional da USC.

Todas as noticias relevantes do centro, convocatorias, listaxes etc. publicanse no taboleiro da USC e infórmase a través da sección “Actualidade” da intranet do centro (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria>). Para complementar a información dispoñible nas diferentes webs, desde o centro edítanse anualmente dúas guías que están dispoñibles na web de centro: “[Calendario ETSE](#)” con todas as datas importantes do curso e a “[Guía ETSE Estudantes](#)”.

Dispónse ademais dunha lista de correo para informar ou facer comunicacións xerais a todo o alumnado do centro. Tamén é significativa a difusión de información relevante do centro que é de especial interese para o alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos a través das pantallas informativas do centro e do Twitter (@etse_usc) con 1281 seguidores/as no momento actual.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

A valoración dos egresados sobre a información pública dispoñible (IN23G) amosaba un aumento progresivo ata o curso 2018-2019 (último ano con valor neste indicador) nun valor de 3,55 que polo tanto indica unha opinión positiva deste grupo de interese sobre a información pública dispoñible do GrEQ..

Non houbo ningunha acción de mellora proposta para o grao nesta directriz.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Unha das accións de mellora para o curso 2021/22 pode enmarcarse nesta directriz. En concreto, trátase da acción AM-GREI-3. Nesta acción de mellora trátase de mellorar o posicionamento a nivel estatal e internacional do GrEI. A primeira tarefa foi realizada coa creación dun grupo de traballo multi-área, formado por 5 docentes multi-área. Sen embargo, non se puido completar a segunda das tarefas de xeito completo. Esta trataba de analizar as diferentes certificacións internacionais existentes (por exemplo, EURO-INF, etc.) co obxectivo de realizar unha análise da viabilidade para obter algunha delas no medio prazo. Esta acción continuará no curso 2022/23.

Por outra lado, a Escola finalizou a migración da web ao novo modelo institucional de webs de centros. A nova web permite a todos os títulos dispor dunha tecnoloxía moderna, mantible e que permite organizar dun modo máis racional a información (incluíndo unha separación entre parte pública e parte privada ou intranet). Por outro lado, estase a prestar unha especial atención á difusión de eventos, cursos, ofertas de traballo, etc... que poden ser de interese para os/as estudantes e docentes do GrEI a través das redes sociais.

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

No marco desta directriz, a acción AM-MEQB-1 da axenda 2021-22 é dotada de continuidade na axenda 2022-23, co mesmo código:

- AM-MEQB-1 (axenda 2022-23): “Difundir o Máster entre o alumnado do último curso dos graos do ámbito da Enxeñaría Química na USC”.

A relevancia actual desta acción de mellora é se acaso maior ca en cursos anteriores, en vista da evolución do indicador IN13M (Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC), que continúa un descenso xa iniciado no curso 2019/20 (58,97 %, desde o 65-80 % dos cursos precedentes) e cae ata o 44,44 %. A pesar de manter a mesma denominación na nova axenda, esta acción de mellora foi remodelada para, máis alá de charlas e mensaxes de difusión ó alumnado obxectivo, contemplar outra subtarefa co foco posto na elaboración de materiais físicos para favorecer a visualización do Máster a este público obxectivo.

Máster en Enxeñaría Ambiental

O grado de satisfacción expresado polos diferentes colectivos en relación a información pública foi en xeral moi positivo:

- O profesorado (INF-23) valora con un 4,64 a información recibida dende a titulación
- O alumnado (INF-22) o valora de xeito positivo, con un 4,25, moi por enriba do acadado no curso anterior.

No caso dos estudantes de nova matrícula, máis do 80% está de acordo ou moi de acordo coa afirmación de que a información das actividades académica é clara.

Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

Actualizouse a información da web do Máster.

Máster en Computación de Altas Prestacións

Ou máster dispón dunha web común (<https://www.masterhpc.es>) para os/as estudantes das dúas universidades participantes que está enlazada desde a web da Escola onde ademais recóllese a información máis relevante e propia do título que se imparte na USC. Tamén se realiza a difusión de información relevante ao estudiantado deste máster a través das canles de Microsoft Teams, do Twitter (@masterhpc) e LinkedIn. Non se dispoñe de información sobre a satisfacción dos/as egresados/as coa información pública dispoñible.

Máster en Visión por Computador

No curso 2021-22 no Máster en Visión por Computador implantamos como acción de mellora a “AM-MCV-1 Ampliación da información amosada a través da páxina web propia do mestrado (<http://imcv.eu>)”.

Na enquisa realizada a estudantes de nova entrada evidenciáronse certas dificultades no acceso a información actualizada sobre o mestrado nas webs das universidades parceiras. Para subsanar estas carencias, propúxose complementar a información máis xenérica que ofrece a páxina web do mestrado con información que antes só era accesible a través das páxinas das universidades. Deste xeito a información común de máis interese para o estudiantado, que non dependa da universidade concreta, pode estar actualizada de xeito máis áxil. A maior parte das consultas que fan estudantes interesados/as no mestrado chegan a través desta vía.

3. Plan de Melloras do centro

3.1 Informe do Plan de melloras do curso 2021-2022

A continuación, preséntase o informe de execución do Plan de melloras do curso 2021-22 que se foi analizando ao longo da memoria no desenvolvemento de cada unha das directrices.

ACCIÓNS DE MELLORA Escola Técnica Superior de Enxeñaría			
ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-ETSE-1
		Tipo	Propostas de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade (Criterio 2. Información e transparencia)
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Aplicación da protección de datos e uso da administración electrónica nos procedementos administrativos do centro
	Data prevista de finalización		31/12/2022
	Data inicio		01/09/2021
Responsables	Responsable da implantación	Julia González Álvarez	
Tarefa1	Código	AM-ETSE-1.1	
	Descrición tarefa	Traslado da documentación administrativa do centro á nube.	
	Data prevista de finalización	31/12/2022	
	Persoa responsable	M. Carmen Palacios Oubiña	
Finalización	Estado	Executada	
	Data estado	31/07/2022	
	Comprobación	Disponibilidade de toda a documentación administrativa da ETSE na nube.	
	Data comprobación	31/07/2022	
Tarefa2	Código	AM-ETSE-1.2	
	Descrición tarefa	Revisión do proceso de publicación da documentación relativa a traballos fin de grao e fin de máster para ter en conta a protección de datos	
	Data prevista de finalización	31/12/2022	

		Persoa responsable	M. Carmen Palacios Oubiña	
Finalización		Estado	Executada	
		Data estado	31/07/2022	
		Comprobación	A xestión dos TFG/TFG realizarase según o seguinte procedemento: Publicación das convocatorias no taboleiro electrónico da USC Publicación das asignacións na intranet da USC na que se manterán un curso académico Publicación das calificacións no campus virtual da materia na que se manterán un curso académico	
		Data comprobación	11/10/22	
Tarefa3		Código	AM-ETSE-1.3	
		Descrición tarefa	Trasladar a publicación de toda a documentación do centro ao taboleiro electrónico e manter a publicación só o tempo necesario.	
		Data prevista de finalización	31/12/2022	
		Persoa responsable	M. Carmen Palacios Oubiña	
Finalización		Estado	Executada	
		Data estado	31/07/2022	
		Comprobación	Todas as notificacións e convocatorias fanse a través da sede electrónica na que se manteñen só o tempo necesario..	
		Data comprobación	11/10/22	
ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-ETSE-2	
		Tipo	Propostas de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos (Criterio 5. Recursos materiais e servizos)
			Análise causa	O mantemento e mellora do equipamento docente dos diferentes espazos de docencia e a preparación de materiais docentes é unha tarefa permanente.
			Definición/descrición proposta	Programa de mellora do equipamento docente
			Data prevista de finalización	31/12/2022
			Data inicio	01/09/2021
